

**DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE LINGUA  
GALEGA E LITERATURA  
IES PLURILINGÜE DE AMES**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CURSO 2021-2022**

Anxo Brea Hernández  
María Xesús García Otero  
Carlos Negro Romero  
Manuel Xesús Xiráldez González  
María Concepción Leal Gómez  
María Elena Campos López  
Rita Molinos Castro  
Alfonso Villar Agra  
Inés Verán Pais

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	4
1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO. SITUACIÓN, ENSEÑANZAS, CENTROS ADSCRITOS.....	4
1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO. A REALIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA .....	5
1.3. PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE DO DEPARTAMENTO .....	6
1.4. MARCO NORMATIVO .....	7
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	8
3. LINGUA GALEGA E LITERATURA NA ESO .....	11
3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA .....	11
3.2. 1º ESO .....	11
3.2.1. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA 1.º ESO .....	11
3.2.2. CONTIDOS .....	13
3.2.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES .....	16
3.2.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, E TEMPORALIZACIÓN. ....	25
3.3. 2º ESO .....	31
3.3.1. OBXECTIVOS DA AREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. 2º CURSO.....	31
3.3.2. CONTIDOS .....	33
3.3.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: CRITERIOS AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.....	36
3.3.4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES: PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN .....	45
3.4. 3º ESO .....	53
3.4.1. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA 3.º ESO .....	53
3.4.2. CONTIDOS .....	54
3.4.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES: CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.....	57
3.4.4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES: PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN .....	64
3.5. 4º ESO .....	68
3.5.1. OBXECTIVOS XERAIS DA AREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. 4º ESO.....	68
3.5.2. CONTIDOS .....	69
3.5.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES: CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.....	72
3.5.4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, E TEMPORALIZACIÓN.....	87
4. A LINGUA GALEGA E A LITERATURA NO BACHARELATO .....	97
4.1. OBXECTIVOS DA ETAPA.....	97
4.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	98
4.3. 1º BACHARELATO .....	99
4.3.1. OBXECTIVOS .....	99
4.3.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS.....	102
4.3.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	115
4.3.4. MÍNIMOS ESIXIBLES.....	123
4.4. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO .....	127
4.4.1. OBXECTIVOS .....	127

<b>4.4.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUENCIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS.....</b>	<b>130</b>
<b>5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS. ....</b>	<b>171</b>
5.1 ASPECTOS XERAIS .....	171
5.2. CRITERIOS PROPIOS DA ÁREA.....	172
5.3. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS.....	172
5.4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS. ACTIVIDADES E CONTEXTOS DE APRENDIZAXE .....	173
5.5. TEMPORALIZACIÓN.....	174
5.6. AXUSTES METODOLÓXICOS CAUSADOS POLA SITUACIÓN SANITARIA. ....	174
<b>6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. ....</b>	<b>175</b>
6.1. LIBROS DE TEXTO. ....	175
6.2. LIBROS DE LECTURA. ....	175
6.3. OUTROS MATERIAIS.....	179
<b>7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. ....</b>	<b>179</b>
7.1. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	179
7.2. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	180
7.3. PROCEDIMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. ....	181
7.3.1. 1º ESO .....	181
7.3.2. 2º ESO .....	182
7.3.3. 3º ESO .....	183
7.3.4. 4º ESO.....	184
7.3.5. 1º BACHARELATO.....	186
7.3.6. 2º BACHARELATO .....	187
7.4. AXUSTES PARA UN ENSINO NON PRESENCIAL. ....	188
<b>8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. ....</b>	<b>189</b>
<b>9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE. ....</b>	<b>190</b>
<b>10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>191</b>
<b>11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA .....</b>	<b>192</b>
<b>12. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR .....</b>	<b>194</b>
<b>13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. ....</b>	<b>195</b>
<b>14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. ....</b>	<b>195</b>
<b>ANEXO : MODELOS E RÚBRICAS.....</b>	<b>197</b>

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO. SITUACIÓN, ENSINANZAS, CENTROS ADSCRITOS.

En canto á xeografía do municipio, Ames pode definirse como concello periurbano de Santiago de Compostela. É un concello de máis de 30.000 habitantes repartidos en once parroquias e que conta con Bertamiráns e O Milladoiro como principais núcleos urbanos, que aglutinan o 69% da poboación total (28% en Bertamiráns e 41% no Milladoiro), repartíndose o resto entre zonas rurais e urbanizacións.

O Concello de Ames caracterízase polo grande crecemento que vén experimentando dende finais do século pasado; en concreto, dende a década de 1980 ata a actualidade, o municipio triplicou a súa poboación, pasando de ter menos de 10.000 habitantes a máis de 30.000. Se se compara a evolución de Ames coa dos concellos veciños, Ames gañou incluso máis que a capital da comarca: Santiago de Compostela conta con 14.856 persoas máis mentres que Ames sumou 22.266 habitantes. O crecemento aumenta exponencialmente a partir dos anos noventa, ralentízase a principios da segunda década do século XXI e comeza a percibirse un cambio de tendencia nos últimos anos que está relacionado coa superación das consecuencias da recesión económica do 2008.

O proceso de crecemento que experimentou o concello nos últimos anos caracterízase pola procedencia foránea dos novos habitantes. Segundo o padrón máis recente, *Padrón Municipal de Habitantes de 2019*. Instituto Nacional de Estatística (INE), a poboación total do concello é de 31.793, dos cales só o 23% (7.289) naceu en Ames; do resto, o 43% é orixinario doutro municipio da provincia da Coruña, o 7% (2.127) proceden doutras Comunidades Autónomas e o 13% (4.035) naceu no estranxeiro. É dicir, case un 20% da poboación do municipio naceu fóra de Galicia, cifra que contrasta co 13% de poboación foránea coa que Ames contaba a principios dos 2000. Ames é, polo tanto, un concello no que a maioría da poboación provén doutros lugares, ben de fóra de Galicia (20%) ben doutro país (13%). Do 13% de amienses nados no estranxeiro, o 71% é orixinario de países americanos, especialmente de Venezuela (921 persoas), aínda que tamén (nunha cifra menor) de Arxentina, Brasil ou a República Dominicana. No conxunto da poboación de Ames nada fóra, a porcentaxe de persoas procedentes da Unión Europea acada unha cifra moi inferior, que se sitúa arredor do 13% e que representa habitantes orixinarios de Portugal, Francia, Reino Unido ou Alemaña.

Por outra banda, fronte ao avellentamento característico da poboación xeral galega, o Concello de Ames destaca pola escasa presenza de maiores e a gran presenza de poboación nova infanto-xuvenil.

En definitiva, as características diferenciadoras do Concello de Ames son o seu carácter periurbano respecto da cidade de Santiago de Compostela, o seu elevado índice de crecemento, a diversidade cultural e demográfica e a grande porcentaxe de persoas novas en relación ao resto de Galicia, xa que case o 30% da poboación de Ames é menor de 25 anos mentres soamente o 13% ten 65 ou máis anos. Finalmente, dentro do conxunto da poboación nova, destaca tamén a elevada cifra de nenos e nenas na Educación Primaria (2.390) e tamén na Infantil (1.075)

Dentro deste marco, a oferta educativa municipal de Ames contempla dúas escolas infantís (O Bosque e a Madalena); dúas escolas unitarias (A Igrexa e Covas); unha escola de educación infantil (EEI Milladoiro); tres centros educativos de infantil e primaria (CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e CEIP

A Maía); un centro educativo de primaria (CEP Ventín) e dous institutos de ensino secundario (IESP de Ames e o IES de Milladoiro.)

O IESP de Ames sitúase no núcleo urbano de Bertamiráns, pertencente á parroquia de Ortoño, onde nun espazo de 9qm<sup>2</sup> se atopan empadroadas 6.465 persoas. Imparte as ensinanzas de ESO, BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA e ten adscritos os seguintes centros: CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e o CEIP a Maía. Este curso contamos, neste momento, cunha matrícula de 766 alumnos e alumnas e 76 profesores e profesoras das distintas especialidades.

## 1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO. A REALIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA

A proposta curricular de lingua galega e literatura ten que tomar como punto de partida, ademais dos datos consignados no punto anterior, a realidade social da lingua no contorno no que se asenta o centro educativo.

Os datos máis recentes dos que dispoñemos son os recollidos para o *Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames*, que naceu dunha colaboración entre o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, o CEIP amiense Agro do Muíño e o Concello de Ames. O primeiro resultado desta colaboración tivo como froito a publicación *A lingua no CEIP Agro do Muíño* (2018) e logo decidiu estenderse a iniciativa ó resto de centros educativos do concello, independentemente da súa titularidade (pública, privada ou concertada) e a obrigatoriedade da etapa educativa (inclúense os estudos obrigatorios pero tamén figuran as escolas infantís, así como datos referentes ó alumnado de Bacharelato e Formación Profesional).

O avance do *Informe sobre a situación sociolingüística no IESP de Ames*, realizado durante o curso 2019-2020, presenta unha visión xeral da situación sociolingüística do centro: unha aproximación ó contexto demográfico no que se insire o IESP de Ames e unha análise das prácticas lingüísticas do alumnado a través dos datos proporcionados por eles e elas mesmos e polo corpo docente que lles imparte clase.

Segundo este Informe, o 40,9% do alumnado do IESP de Ames considérase bilingüe inicial, mentres que o 39% riscou a resposta *castelán* fronte ó 17,7% que se declaran galegofalantes iniciais. A porcentaxe de persoas que aprendeu a falar nunha lingua distinta do galego e o castelán é do 2,4%. No referente á lingua habitual, case tres cuartos (o 71%) do alumnado do IESP de Ames declara ter como lingua habitual a castelá, fronte ó 16% que afirman ser galegofalantes e o 12% bilingües.

En canto ó contexto familiar, se se observan os usos coa familia estendida (os avós e avoas neste caso) e coa familia nuclear, observamos que na primeira, os usos de castelán e galego atópanse máis próximos entre si, se ben a porcentaxe de uso do español sempre supera á do galego; as distancias son aínda maiores se observamos os usos coa familia nuclear, onde as cifras de uso do castelán duplican e ás veces incluso superan o dobre das do galego.

Respecto das prácticas maioritarias en todos os contextos son as monolingües en castelán, especialmente na categorías *outros ámbitos*, que inclúe importantes lugares de socialización dos rapaces e rapazas como o parque, as rúas do concello ou as redes sociais. No contexto escolar o monolingüismo en castelán só é superado polo bilingüismo cando o alumnado fala con profesorado e os usos lingüísticos exclusivos ou

maioritariamente en galego acadan a súa cifra máis alta no 12,1% na categoría outros traballadores. No contexto específico das actividades extraescolares, que se formulou de maneira independente ó resto de ámbitos pola presenza cada vez máis importante que ten na vida diaria dos rapaces e rapaces, a lingua máis habitual nas actividades deportivas e artísticas é o *castelán*.

No referente ás competencias lingüísticas, a media en calquera das destrezas propostas en lingua galega e lingua castelá supera sempre o punto medio da escala, se ben a puntuación do castelán é maior sempre que a do galego; as puntuacións das destrezas no referente á lingua inglesa sitúanse arredor do punto medio da escala.

Por último, respecto das actitudes e opinións do alumnado do centro sobre o galego, a gran maioría dos enquisados e enquisadas amosan actitudes positivas cara este idioma, se ben hai un perfil minoritario que presentaría actitudes menos positivas.

Á vista destes datos, o Departamento intentará mellora a situación establecendo estratexias nesta programación; ademais, no momento máis oportuno logo do inicio de curso, e en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística do centro, presentarase o informe nun Claustro extraordinario para analizar a situación descrita e contemplar as medidas que deberían incluírse no Proxecto Lingüístico do centro.

### 1.3. PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE DO DEPARTAMENTO

A docencia adscrita ao Departamento de Lingua Galega e Literatura, coas distintas materias e o correspondente profesorado, é a seguinte:

Manuel Xesús Xiráldez González	PMAR 3º ESO 1 GRUPO DE 2º ESO
María Xesús García Otero	1 GRUPO DE LINGUA GALEGA 4º ESO
Carlos Negro Romero	3 GRUPOS DE IGUALDADE DE XÉNERO (2º ESO) 3 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 4º ESO 2 GRUPOS LINGUA GALEGA 2º BACH.
Anxo Brea Hernández	2 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 1º BACH. 2 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 3º ESO 2 GRUPOS DE LINGUA PORTUGUESA 4º ESO/1º BACH.
Concepción Leal Gómez	3 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 1º BACH 2 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 1º ESO
María Elena Campos López	3 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 2º ESO 2 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 2º BACH 1 GRUPO DE LINGUA GALEGA 1º ESO
Rita Molinos Castro	2 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 2º ESO 3 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 3º ESO 1 GRUPO DE LINGUA GALEGA 4º ESO
Alfonso Villar Agra	3 GRUPOS DE LINGUA GALEGA 1º ESO
Inés Verán Pais, profesora do Departamento de Lingua Inglesa	1 GRUPO DE LINGUA GALEGA 1º ESO.

A Xefatura do Departamento correspóndelle á profesora M<sup>a</sup> Concepción Leal Gómez e o Departamento ten un total de 120 horas de docencia.

#### 1.4. MARCO NORMATIVO

Esta programación elabórase de acordo co establecido na *Orde do 19 de maio de 2021*, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e nos artigos 73, 95 e 96 do Decreto 324/1996, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES (DOG 9/08/1996).

Axústase ás directrices xerais establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro e inclúe os elementos que aparecen recollidos nas seguintes normas:

- *Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos, como consecuencia da pandemia de 2019.*
- *Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”, que pola súa vez recolle e respecta a normativa estatal correspondente en relación coa situación sanitaria extraordinaria que viviremos este curso.*
- *Real Decreto-ley 31/2020, de 29 de setembro, por el que se adoptan medidas urgentes en el ámbito de la educación no universitaria.*

Temos, así mesmo, en consideración todos aqueles aspectos que procedan, segundo o establecido na seguinte normativa galega:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 120, 29-06-2015).
- Resolución do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 22/05/2018).
- Resolución do 9 xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. (DOG 9 de xuño de 2017).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 21/12/2011).
- Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), e a propia Lei 4/2011.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG 25/05/2010)
- Orde do 15 de xullo de 2015, pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 21/07/2015).
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 4/08/2016).
- Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG 18/08/2017).
- Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 25/04/2018).

Así como a seguinte normativa estatal:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (*Boletín Oficial do Estado*, 295, 10 de decembro de 2013).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE 29/01/2015).
- Orde ECD/1361/2015, do 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e régúlase a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos das etapas. (BOE do 9 de xullo de 2015). [Sección 3.<sup>a</sup> Obxectividade da avaliación continua, artigos 37 a 39].
- Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato. (BOE 30/07/2016).
- Real Decreto-Ley 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urgentes para a ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembre, para la mejora de la calidade educativa. (BOE 10/12/2016).
- Real Decreto 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-Ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (BOE 3/06/2017)

## **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS**



## COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Lingua Galega e Literatura favorece a posta en práctica das competencias clave e, por tanto, contribúe poderosamente ao seu desenvolvemento no alumnado non só no que á competencia en comunicación lingüística se refire, senón tamén canto ás seis restantes. A seguir, presentamos unha breve xustificación de como pode a nosa materia contribuír ao proceso de desenvolvemento competencial tendo en conta os descritores das competencias que poden ser especificamente abordados desde a Lingua Galega e Literatura.

### **Comunicación lingüística**

Como xa sinalamos, resulta evidente que esta é a competencia á que máis e mellor pode contribuír a nosa materia. Por tanto, non cómpre incidirmos nos aspectos que poden ser postos en práctica a través de Lingua Galega e Literatura, mais si debemos sinalar que a plena competencia en comunicación lingüística precisa tamén de destrezas que permitan que certos saberes das áreas de lingua actúen como vasos comunicantes que faciliten o proceso de aprendizaxe do alumnado e que proporcionen, por tanto, un mellor aproveitamento de determinados conceptos e estruturas.

Alén disto, hai que subliñar a relevancia do desenvolvemento da comprensión lectora. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindible para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de calquera das actividades que garden relación non só coa educación, senón co desenvolvemento vital persoal:

- Coñecementos sobre o compoñente lingüístico (léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía e ortoépica), sobre o compoñente pragmático-discursivo e sobre o compoñente sociocultural.
- Desenvolvemento das estratexias de mellora da lectura e de comprensión lectora.
- Promoción de elementos que faciliten a alfabetización múltiple.
- Adquisición de valores como o respecto á normas de convivencia, o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo e a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos.
- Curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co goce persoal.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Tradicionalmente esta foi unha das competencias cuxo desenvolvemento resultou desbotado desde as materias da área lingüística dado que se lles presupoñía a estas unha menor capacidade de actuación; porén, o desenvolvemento do razoamento e do pensamento lóxico e a súa aplicación a tarefas claramente integradas nos nosos plans curriculares –como, por exemplo, a análise sintáctica– requiren claramente do desenvolvemento destas destrezas:

- Coñecementos sobre os números, a mellora da comprensión dos termos nos conceptos matemáticos, as representacións matemáticas como as gráficas.

- Habilidades como a emisión de xuízos fundados, o seguimento de cadeas argumentais, a análise de gráficos e doutras representacións matemáticas, o uso de datos e de procedementos científicos para a consecución dun obxectivo que inclúa a chegada a conclusións e a toma de decisións seguindo un razoamento dedutivo.
- O rigor, o respecto aos datos, a veracidade, a valoración do coñecemento científico etc.

### **Competencia dixital**

A competencia dixital é un dos eixos do desenvolvemento competencial necesario para desenvolverse como cidadán e cidadá activo e integrado na sociedade actual. Desde a materia de Lingua Galega e Literatura, da mesma maneira que desde as outras áreas lingüísticas, un dos puntos fortes do desenvolvemento desta competencia pasa por ofrecer ao alumnado destrezas de busca, de síntese e de análise de información, para alén do manexo competente de diferentes ferramentas e recursos informáticos:

- Adquisición de coñecementos sobre linguaxes e códigos específicos así como seus procesos de decodificación e de transferencia; acceso a fontes de información e establecemento de parámetros adecuados de busca, selección e procesamento da información.
- Interese por participar en traballos colaborativos, motivación e curiosidade pola aprendizaxe e tamén mellora do uso das tecnoloxías.

### **Aprender a aprender**

Aprender a aprender é unha das competencias con máis alto grao de transversalidade cuxa progresión nas destrezas garante a consecución dun obxectivo de alto nivel: o recoñecemento do alumno ou da alumna como aprendiz e a análise dos seus puntos fortes e das fraquezas que presenta no seu modo de abordar a nosa materia e as materias restantes:

- Coñecementos sobre estratexias de resumo, análise e síntese que permiten o deseño de estratexias de aprendizaxe para abordar de maneira eficaz diferentes campos e saberes.
- Desenvolvemento de estratexias de planificación, supervisión e avaliación das tarefas levadas a cabo. Potenciación da motivación e da confianza.

### **Competencia social e cívica**

Trátase dunha das competencias máis intrinsecamente relacionadas co currículo de Lingua Galega e Literatura, xa que a integración neste dos bloques de Lingua e sociedade e de Coñecemento literario fan que a explicación dun e doutro ámbito beban directamente das fontes da interpretación e de análise da sociedade en que se insiren.

Alén dos coñecementos directamente vinculados coa historia de Galiza, o tratamento desta competencia desde a nosa materia tamén debe ter con conta o desenvolvemento de actitudes cívicas claramente apreciábeis no decorrer diario das aulas e no desenvolvemento de actividades como, por exemplo, os debates:

- Adquisición de coñecementos relativos á vida segundo os parámetros dunha determinada sociedade; percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural

dinámico e cambiante; coñecemento dos acontecementos contemporáneos e dos principais acontecementos históricos a nivel tanto local como mundial; comprensión dos fenómenos migratorios.

- Desenvolvemento das destrezas necesarias para comunicarse de forma eficaz en calquera ámbito social ou persoal; a capacidade de negociación; a realización de intervencións en público adecuadas; a reflexión crítica e creativa.
- Potenciación de actitudes como a autoconfianza, a integridade, o interese pola comunicación intercultural, a tolerancia, a disposición a superar preconceitos, o sentido da responsabilidade e a reflexión acerca das mensaxes transmitidas polos medios de comunicación.

### **Conciencia e expresións culturais**

Finalmente, a competencia en conciencia e expresións culturais, ao igual que acontece coa competencias sociais e cívicas, mantén unha relación máis estreita da nosa materia co currículo. O achegamento ao feito literario, o estudo de épocas e períodos artísticos tanto propios como vinculantes coa historia europea constitúen unha parte importante da nosa materia.

- Alén do coñecemento sobre os xéneros literarios, os seus códigos estéticos e o seu desenvolvemento histórico, esta competencia tamén se practica mediante a creación de textos de intención literaria.
- Adquisición de coñecementos de historia da cultura desde diferentes disciplinas artísticas incluída a literatura, o coñecemento de autores/as, obras e estilos representativos incluíndo o coñecemento de autores/as actuais, a identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren, os coñecementos sobre a evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
- Potenciación da imaxinación e desenvolvemento do pensamento creativo, traballo en equipo, iniciativa.
- Actitudes como a valoración da liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o respecto polas diferentes manifestacións culturais e artísticas e o interese por participar da vida cultural da comunidade.

## **3. LINGUA GALEGA E LITERATURA NA ESO**

### **3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así

como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 3.2. 1º ESO

### 3.2.1. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA 1.º ESO

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.

5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

### **3.2.2.CONTIDOS**

Os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura agrúpanse en cinco bloques que lles permitirán aos alumnos adquirir uns coñecementos e destrezas básicas para obter unha cultura xeral.

Nota: cada bloque de contido ten un número e a continuación outro que se refire a un contido concreto dentro dese bloque. Nas táboas clarificadoras dos distintos aspectos desta programación só utilizaremos a referencia aos contidos mediante esa letra e o/os número-s.

## **Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

### **Escoitar**

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.

B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e académico (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.

B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.

### **Falar**

B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.

B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).

B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.

B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

## **Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

### **Ler**

B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.

B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.

B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito académico, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.

B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.

### **Escribir**

- B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
- B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- B2.10. Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- B2.11. Producción, en soporte papel ou dixital, de textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- B2.12. Producción, en soporte papel ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.
- B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.

### **Bloque 3. Funcionamento da lingua**

- B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.
- B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio...), así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.
- B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.
- B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

### **Bloque 4. Lingua e sociedade**

- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- B4.3. A lusofonía.
- B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.
- B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- B4.7. Os prexuízos lingüísticos.

B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.

### Bloque 5. Educación literaria

B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.

B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.

B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

### 3.2.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mínimo de consecución de cada estándar
B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	CCL CAA  CCL CAA	Comprende a idea xeral do texto escrito
B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico. LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CCL CAA  CCL CAA	Identifica datos relevantes do texto oral académico.
B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CCL CSC  CCL CAA	Recoñece as normas de cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.  Rexeita a linguaxe discriminatoria.



	LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume) e o significado da linguaxe non verbal.	CSC CSIEE	
B.1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	CCL  CAA  CSC	Identifica a idea principal dun programa informativo.
B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	CD CAA CSIE	Emprega as TIC para as súas presentacións.
B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CAA  CAA  CCLCCEC	Diferencia e respecta as variantes dialectais.
B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das 7 vogais, <i>n</i> velar, fonema fricativo palatal xordo). LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas	CCL CSC  CCL  CCL	Participa nas intervencións orais espontáneas, adecuándose á situación comunicativa.

	expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).		
B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expoñer conclusións).	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción. LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios	CCL CSC  CCL CSC	Participa e respecta as normas nos coloquios en clase.
B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. LGB1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. LGB1.9.6. Recoñece e avalúa erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	CAA  CCL CSC CSIE  CCL CSC CCL CAA  CAA  CAA CCL	Elabora guións para as exposicións, mellora o seu autocontrol, e incorpora algún léxico formal nas exposicións.
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.7. Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ d</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

### 4.3.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	Elaboración de fichas e observación e rexistro.	<b>A comunicación oral: escoitar e falar.</b> Dedicarase o 20% do tempo a cada bloque de contidos. Facemos a seguinte distribución por avaliacións: 1ª av.: temas 1-4/ 11-14 2ª av.: temas: 5-7/15-18 3ª av. :emas: 8-10/ 19-21.
LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	Actividades de aula.	
LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	Observación e rexistro	
LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.	Observación e rexistro.	
LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.	Fichas de rexistro.	
LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	Observación e rexistro.	
LGB1.2.4. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	Observación e rexistro.	
LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).	Postas en común.	
LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.	Postas en común	
LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.	Reflexión e postas en común en gran grupo.	
LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	Observación e rexistro.	
LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.	Observación e rexistro.	
LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a	Exposición na aula.	

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.		
LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	Exposición na aula	
LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.	Exposición na aula	
LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.	Exposición na aula	
LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	Exposición na aula.	
LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	Exposición na aula.	
LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.	Exposición na aula.	
LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.	Exposicións e traballos. Observación.	
LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	Exposicións e traballos. Observación.	
LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.	Exposicións e traballos. Observación.	
LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.	Exposicións e traballos. Observación.	
LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Exposicións e traballos. Observación.	
LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	Observación e rexistro.	
LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	Observación e rexistro	
LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	Observación e rexistro	
LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	Observación e rexistro. Posta en común.	

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	Observación e rexistro	
LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	Observación e rexistro	
LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.	Reflexión sobre a práctica lingüística propia e allea.	
LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	Observación e rexistro	
LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	Observación e rexistro	
LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	Observación e rexistro	
LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	Observación e rexistro	
LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	Actividades na aula. Probas.	<p><b>A comunicación escrita: ler e escribir.</b></p> <p>Dedicarase o 20% do tempo a cada bloque de contidos.</p> <p>Facemos a seguinte distribución por avaliacións:</p> <p>1ª av.: temas 1-4/ 11-14</p> <p>2ª av.: temas: 5-7/15-18</p> <p>3ª av.: temas: 8-10/ 19-21.</p>
LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.	Actividades na aula. Probas.	
LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.	Actividades na aula. Probas.	
LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	Actividades na aula.	
LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.	Traballos .	
LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á	Actividades de aula.	

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
situación comunicativa das súas producións.		
LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.	Actividades de aula.	
LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	Actividades de aula. Probas	
LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaíos).	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo.	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	Exposicións. Probas.	
LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	Actividades de aula. Comentarios.	
LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e reconece os elementos de persuasión dos anuncios.	Actividades de aula. Probas	
LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.	Observación. Debates.	
LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.	Observación. Debates.	
LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as	Actividades de aula.	

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
características lingüísticas dos textos argumentativos.	Probas.	
LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.	Actividades de aula. Probas.	
LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.	Fichas.	
LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.	Observación e rexistro. Actividades de aula..	
LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	Elaboración de traballos.	
LGB3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe.		<p><b>O funcionamento da lingua.</b> Dedicarase o 20% do tempo a cada bloque de contidos. Facemos a seguinte distribución por avaliacións: 1ª av.: temas 1-4/ 11-14 2ª av.: temas: 5-7/15-18 3ª av. : temas: 8-10/ 19-21.</p>
LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.	Probas.	
LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.	Probas	
LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.		
LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	Actividades de aula. Probas.	
LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.	Actividades de aula. Probas.	
LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Actividades de aula. Probas.	
LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa	Actividades de aula.	

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Probas.	
LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	Actividades de aula. Probas.	
LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Actividades de aula. Probas.	
LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Actividades de aula. Probas.	
LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Elaboración e exposición de traballos en grupo.	
LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.		
LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas.	Actividades da aula. Probas	<p><b>Lingua e sociedade.</b> Dedicarase o 20% do tempo a cada bloque de contidos. Facemos a seguinte distribución por avaliacións: 1ª av.: temas 1-4/ 11-14 2ª av.: temas: 5-7/15-18 3ª av.: temas: 8-10/ 19-21.</p>
LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.	Actividades da aula. Elaboración de traballos. Probas.	
LGB4.2.2. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega.	Actividades da aula. Elaboración de traballos. Probas. Debates.	
LGB4.2.3. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo.	Actividades da aula. Elaboración de traballos. Probas. Debates.	
LGB4.3.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances.	Actividades da aula. Probas.	



Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
LGB4.3.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato).	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.4.1. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.4.2. Distingue as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.5.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.5.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.5.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.6.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.7.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.7.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua.	Actividades da aula. Probas.	
LGB4.7.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios.	Actividades da aula. Probas.	

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
LGB4.7.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916.	Elaboración e exposición de traballos.	
LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.	Probas. Elaboración de <i>liñas do tempo</i> .	<b>Educación literaria.</b> Dedicarase o 20% do tempo a cada bloque de contidos. Facemos a seguinte distribución por avaliacións: 1ª av.: temas 1-4/ 11-14 2ª av.: temas: 5-7/15-18 3ª av.: temas: 8-10/ 19-21.
LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios.	Probas e comentarios.	
LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega.	Probas	
LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.	Probas Fichas de rexistro. Exposicións.	
LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.	Probas. Exposicións.	
LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.	Probas. Comentarios. Exposicións.	
LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Probas. Comentarios.	
LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.	Probas. Comentarios.	
LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Probas. Comentarios.	
LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción do Prerrexurdimento	Probas. Comentarios. Exposicións orais.	

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporalización
e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.		
LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Probas. Comentarios. Exposicións.	

#### 4.3.4. MÍNIMOS ESIXIBLES.

##### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

- Comprende a intención comunicativa e identifica as ideas principais e secundarias de diferentes textos orais.
- Elabora resumos, esquemas ou mapas conceptuais coas ideas principais e secundarias de diferentes textos orais.
- É quen de realizar xuízos críticos sobre diferentes discursos orais
- Comprende textos expositivos orais, do ámbito académico e sintetiza o seu contido.
- Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia
- Sabe organizar o contido de exposicións orais sobre temas especializados propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.
- Participa activamente, tomando notas e formulando preguntas relacionadas coas exposicións orais.
- Comprende a intención comunicativa e identifica as ideas principais de programas de radio e televisión.
- Identifica algunhas características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.
- Pode identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.
- escoita con interese e respecta a opinión dos demais.
- Aplica a regra das quendas de palabra nas intervencións orais.
- Exprésase oralmente con corrección, valorando a importancia da entoación, as pausas, o volume, a linguaxe non verbal e o autocontrol das emocións.
- Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
- Exprésase oralmente con corrección, cuidando a pronuncia, a entoación, as pausas, o volume, a linguaxe non verbal e o autocontrol das emocións.
- Usa as TIC para obter información, corrixir a ortografía e elaborar presentacións atractivas.

- Desenvolve correcta e adecuadamente un tema curricular (con léxico preciso, recursos non verbais adecuados, etc.)
- Pode producir textos orais espontáneos, adecuadas á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión e corrección.
- Participa activamente en debates ou intervencións de clase escoitando aos demais e expoñendo argumentos convincentes.
- Respecta as quendas de palabra nas intervencións orais e evita a linguaxe discriminatoria.
- Participa en conversas informais e desenvólvese eficazmente en situacións diversas da vida académica.
- É quen de reconecer dificultades expresivas, interferencias lingüísticas e desviacións da norma en exposicións propias e alleas.
- Intenta mellorar demostrando autonomía e esforzo.
- Exprésase respectando as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.
- É quen de rexeitar argumentadamente prexuízos asociados á pronuncia da lingua galega.

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

- Elabora resumos, esquemas e mapas conceptuais, xerarquizando as ideas dun texto.
- Comprende o sentido e a intención comunicativa dun texto e expresa opinións sobre o seu contido.
- Emprega a biblioteca e as TIC para mellorar a comprensión e completar a información dos textos.
- Redacta textos con contidos claros, ordenados e adecuados á situación comunicativa.
- É quen de identificar as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.
- Utiliza nos seus textos mecanismos variados de cohesión lingüística.
- Redacta textos axustándose ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Comprende e sintetiza o contido de textos de consulta expositivos e argumentativos.
- Identifica o tema e a estrutura de textos expositivos e argumentativos académicos e/ou de divulgación científica e cultural.
- Realiza unha síntese e un esquema coas ideas principais e secundarias de textos expositivos e argumentativos do ámbito académico.
- Analiza algúns recursos verbais e non verbais de textos expositivos e argumentativos especializados
- É quen de desenvolver un tema curricular de xeito claro, rigoroso e gramatical e ortograficamente correcto.
- Emprega nos seus textos léxico preciso e especializado
- Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.

- Recoñece os elementos de persuasión das mensaxes publicitarias
- Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.
- Coñece a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e redacta textos similares.
- Coñece a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos e redacta textos similares.
- Coñece a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos e redacta textos similares
- Coñece a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos e redacta textos similares.
- Coñece a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados e redacta textos similares.
- Emprega as TIC para consultar e seleccionar a información relevante e recollela en fichas- resumo.
- Emprega correctores ortográficos para revisar os seus escritos.
- Presenta adecuadamente os seus traballos escritos (ben organizados, con citas, notas a pé de páxina e bibliografía).

### BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Comprende e analiza o contido de textos relacionados coa comunicación e a linguaxe.
- Comprende e explica os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.
- Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.
- Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.
- Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros de forma adecuada, coherente, e ben cohesionados; con corrección gramatical e boa presentación.
- Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto.
- Identifica e explica os usos e valores dos determinantes nun texto.
- Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases verbais nun texto.
- Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.
- Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais nun texto.
- Identifica e explica nun texto os usos e valores dos pronomes.
- Participa en proxectos transversais que requiran utilizar varias linguas.

- Evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora a súa competencia para poder expresarse en varias linguas.
- Recoñece elementos comúns nas linguas empregadas no centro e utilízalos para mellorar a súa competencia lingüística.

#### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas
- Coñece a diversidade lingüística no mundo, e sitúa nun mapa de Europa a maioría das linguas que se falan nos distintos países.
- Valora a importancia da lusofonía nas linguas do mundo e para a cultura e economía galegas.
- É quen de explicar os conceptos de plurilingüismo, ecolingüismo, lingua minoritaria, lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia.
- Pode describir a romanización e o nacemento das linguas romances.
- Pode identificar e describir os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato).
- Pode recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar algúns exemplos.
- Distingue as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.
- Identifica as características lingüísticas fundamentais do galego antigo.
- Pode describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística.
- Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios.
- Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), e identifícao en textos.
- Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística.
- Analiza a repercusión da etapa do galego medio no desenvolvemento posterior da lingua galega
- Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).
- Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno, así como a súa situación sociolingüística.
- Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno no desenvolvemento posterior da lingua.
- Identifica o galego moderno en textos literarios e non literarios.
- Analiza, de xeito individual e/ou en grupo, textos anteriores a 1916.

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Identifica as principais características dun texto literario.
- Clasifica un texto nun xénero literario, recoñecendo os recursos literarios empregados.
- Realiza un esquema da cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
- É quen de adscribir á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega
- Coñece os xéneros da literatura galega de tradición oral e algúns textos significativos dos diferentes períodos históricos.
- Explica os trazos xerais da literatura medieval e a súa contextualización.
- Analiza e explica os trazos propios das cantigas de amor, de amigo e de escarnio.
- Analiza algunha cantiga de Santa María.
- Analiza algún texto de prosa medieval.
- Le e comenta textos representativos da literatura medieval.
- Explica os trazos xerais da literatura do galego medio e a súa contextualización.
- Identifica as obras e os autores principais da literatura do galego medio.
- Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio.
- Explica o que son o Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno e contextualízalos.
- Coñece a importancia de Rosalía de Castro e as características da súa obra.
- Explica as figuras literarias de M. Curros Enríquez e de Eduardo Pondal e as características das súas obras.
- Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento e da literatura de comezos do século XX ata 1916.

### **4.4. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO**

#### **4.4.1. OBXECTIVOS**

1. Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso.
3. Respetar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
4. Ler comprensivamente.
5. Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.

6. Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
7. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
8. Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal.
9. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
10. Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
11. Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analízalos en producións alleas.
12. Recoñecer a presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
13. Repasar casos de ortografía dubidosa.
14. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
15. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
16. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
17. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
18. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos, e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
19. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
20. Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
21. Recoñecer os estereotipos e prexuizos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
22. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a súa historia.
23. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
24. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.



25. Identificar, analizar e describir a literatura galega desde principios do século XX ata a actualidade, en todos os seus xéneros e subxéneros e con todas as súas correntes estéticas sucesivas.
26. Ler e comentar textos significativos da literatura galega desde principios do século XX á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e recoñecer a súa relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero a que pertencen.
27. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.

### 4.4.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUENCIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS.

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización	
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR</b>							
<p>B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. Visionado comprensivo de vídeos de diversa índole. Reflexión sobre o contido dos vídeos. Avaliación de textos orais do ámbito audiovisual. escoita de textos orais de natureza diversa. Rexistro e análise de discursos orais espontáneos.</p>	<p>B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias. Visionar, e comprender vídeos identificando a súa intención comunicativa, así como a idea principal e as secundarias. escoitar e interpretar correctamente textos orais de natureza diversa.</p>	<p>LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto producido na variante estándar ou nunha variedade dialectal.</p>	CCL	<p>Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral.</p>	<p>Elaboración de fichas. Observación e rexistro.</p>	<p>Dedicarase o 20% do tempo a cada bloque de contidos. Facemos a seguinte distribución por avaliacións: 1º trimestre: temas 1-4/ 1-14 2º trimestre: temas: 5-7/15-18 3º trimestre: temas:8-10/ 19-21</p>	
		<p>Visiona comprensivamente vídeos e identifica a súa intención comunicativa, así como a idea principal e as secundarias.</p>	<p>Escoita e interpreta correctamente textos orais de natureza diversa.</p>	<p>CCL</p>	<p>Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p>		<p>Actividades de aula: fichas, resumos, esquemas..</p>
		<p>Tomar notas con fluidez durante o visionado e escoita de textos orais. Resumir e esquematizar as ideas fundamentais e secundarias dos textos. Reflexionar sobre o contido dos textos, empregando o propio criterio.</p>	<p>Toma notas con fluidez durante o visionado e escoita de textos orais. Resume e esquematiza as ideas fundamentais e secundarias dos textos.</p>				
<p>Avaliar, desde o punto de vista lingüístico, textos orais do ámbito audiovisual. Gravar discursos orais espontáneos e analizar o tipo de rexistro utilizado neles.</p>	<p>B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias. Visionar, e comprender vídeos identificando a súa intención comunicativa, así como a idea principal e as secundarias. escoitar e interpretar correctamente textos orais de natureza diversa.</p>	<p>LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p>	CAA	<p>Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p>	<p>Observación e rexistro Comentarios de texto Debates.</p>		
		<p>Reflexiona sobre o contido dos textos, empregando o propio criterio. Avalía, desde o punto de vista lingüístico, textos orais do ámbito audiovisual. Grava discursos orais espontáneos e analiza o tipo de rexistro utilizado neles.</p>	<p>Reflexiona sobre o contido dos textos, empregando o propio criterio. Avalía, desde o punto de vista lingüístico, textos orais do ámbito audiovisual. Grava discursos orais espontáneos e analiza o tipo de rexistro utilizado neles.</p>				
<p>B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo. escoita comprensiva de textos orais do ámbito educativo.</p>	<p>B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).</p>	<p>LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo). escoita comprensivamente textos orais do ámbito</p>	CCL CAA	<p>Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo</p>	<p>Actividades de aula: fichas, resumos, esquemas..</p>		

Bloques de contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
	Escoitar comprensivamente textos orais do ámbito educativo e identifica as ideas principais e os contidos relevantes.  Identificar as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral.  Empregar estratexias de organización do contido nas propias exposicións.  Tomar notas con fluidez durante a escoita.  Formular preguntas para aclarar ideas e ampliar a información.	educativo e identifica as ideas principais e os contidos relevantes.  LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.  Identifica as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral. Emprega estratexias de organización do contido nas propias exposicións.  LGB1.2.3. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.  Toma notas con fluidez durante a escoita.  Formula preguntas para aclarar ideas e ampliar a información.				
			CAA		Observación e rexistro.	
			CCL CAA		Observación e rexistro.	
B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).  Visionado e escoita de textos orais procedentes dos medios de comunicación social.	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.  Visionar e escoitar comprensivamente textos orais e identificar a súa intención comunicativa, recoñecer a súa estrutura e determinar o seu tema.  Sinalar as características propias dos xéneros informativos e de opinión.  Distinguir entre os recursos verbais e non verbais e analizar o seu significado.  Mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes.	LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais.  Visiona e escoita comprensivamente textos orais e identifica a súa intención comunicativa, recoñece a súa estrutura e determina o seu tema.  LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social.  Sinala as características propias dos xéneros informativos e de opinión.	CCL CAA	Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais.	Fichas de observación e rexistro. Comentarios de texto.	
			CCL CAA CSC	Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social.	Observación e rexistro.	
			CCL CSC	Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias.	Comentarios de texto.	
			CCL CAA	Distingue entre os recursos verbais e non verbais e analiza o seu significado.  LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos	Comentarios de texto	
			CAA CCL	Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes	Comentarios de texto	

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
		discriminatorios. Mostra unha actitude crítica ante as mensaxes. Emprega o propio criterio para analizar e interpretar as mensaxes procedentes dos medios de comunicación. Recoñece, rexeita e evita usos lingüísticos discriminatorios.		publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.		
B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Oralidade. Como avaliar a comunicación non verbal. Actitudes. Posta en escena. Normas de cortesía. Análise de textos orais propios e alleos.	B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. Desenvolver habilidades de escoita activa. Avaliar, en textos propios e alleos, a adecuación, coherencia e cohesión. Coñecer e aplicar as normas de cortesía nas súas interaccións orais espontáneas e formais. Escoitar con atención e respecto as opinións alleas. Avaliar, de xeito guiado, o uso das normas de cortesía en textos propios e alleos. Avaliar, en textos propios e alleos, os aspectos prosódicos. Avaliar en textos propios e alleos, a linguaxe corporal. Recoñecer a importancia da linguaxe non verbal e do autocontrol das emocións ao falar en público.	LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. Avalía, en textos propios e alleos, a adecuación, coherencia e cohesión. LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. Mostra habilidades de escoita activa. Coñece e aplica as normas de cortesía nas súas interaccións orais espontáneas e formais. Escoita con atención e respecto as opinións alleas. Avalía, de xeito guiado, o uso das normas de cortesía en textos propios e alleos. LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. Avalía, en textos propios e alleos, os aspectos prosódicos. Avalía en textos propios e alleos, a linguaxe corporal. Recoñece a importancia da linguaxe non verbal e do autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CAA CSC CSI EE	Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	Observación e rexistro. Observación e rexistro. Observación e rexistro.	
B1.5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así	B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa	LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. Planifica as súas	CAA CCL		Exposicións .	

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.  Actividades de expresión oral: exposicións planificadas.	desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	exposicións orais mediante esquemas e guiños.  Realiza exposicións orais planificadas adecuadas, coherentes e cohesionadas.				
	Planificar as súas exposicións orais mediante esquemas e guiños.  Realizar exposicións orais planificadas adecuadas, coherentes e cohesionadas.	LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.  Documentátese en diversas fontes para contrastar información.  Revisa os borradores e esquemas.	CAA		Observación e rexistro.	
	Documentarse en diversas fontes para contrastar información.  Revisar os borradores e esquemas.  Presentar os contidos con claridade e de xeito ordenado.  Respetar as normas gramaticais.  Cingirse ao tema e non divagar.	LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga.  Presenta os contidos con claridade e de xeito ordenado.  Respetar as normas gramaticais.  Cínguese ao tema e non divaga.	CCL	Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema.	Observación e rexistro.	
<p>socioeconómicos, culturais e políticos.</p> <p>Cultura galega de posguerra.</p> <p>A lírica galega de posguerra: tendencias e autores.</p> <p>A lírica do exilio: Luís Seoane, Lorenzo Varela e Eduardo Blanco Amor.</p> <p>Continuidade e culturalismo: Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Neovirxilianismo ou clasicismo paisaxista. Aquilino Iglesia Alvariño.</p> <p>Ricardo Carvalho Calero.</p> <p>Antón Avilés de Taramancos.</p> <p>O intimismo existencialista.</p> <p>Luís Pimentel.</p> <p>María Mariño.</p> <p>Xosé María Díaz Castro.</p> <p>Antón Tovar.</p> <p>Luz Pozo Garza.</p> <p>Manuel Cuña Novás.</p> <p>Uxío Novoneyra.</p> <p>Xohana Torres.</p> <p>Bernardino Graña.</p> <p>O socialrealismo.</p> <p>Celso Emilio Ferreiro: aproximación bio-bibliográfica.</p> <p>Etapas na obra de Celso Emilio:</p> <p>os inicios, a poesía social e a recreación lírico-amorosa.</p> <p>Manuel María.</p> <p>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor,</p>	<p>Minervais.</p> <p>Sintetizar os principais cambios socioeconómicos, culturais e políticos que se produciron entre 1936 e 1975.</p> <p>Describir o contexto cultural en que se desenvolve literatura galega de posguerra, no interior e no exilio.</p> <p>Coñecer as principais liñas temáticas e estilísticas da lírica galega de posguerra.</p> <p>Coñecer as traxectorias dos representantes da lírica no exilio (Luís Seoane, Lorenzo Varela e Eduardo Blanco Amor) e comentar os trazos propios da obra poética destes autores.</p> <p>Comentar as características da obra poética de posguerra de Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Explicar a corrente neovirxilianista e identificar os trazos característicos da obra dos seus representantes.</p> <p>Explicar os trazos propios do intimismo existencialista e comentar a obra poética dos seus representantes.</p> <p>Describir a traxectoria de Celso Emilio Ferreiro e analizar, baixo guía, textos representativos das diferentes etapas da súa obra poética.</p> <p>Coñecer a traxectoria de Manuel María e identificar e comentar os trazos propios da súa produción lírica.</p> <p>Relacionar unha serie de enunciados cos autores/as e obras aos que se refiren.</p> <p>Unir os títulos dunha serie de obras cos autores ou autoras correspondentes.</p> <p>Adscribir unha serie de enunciados ás etapas literarias ás que se refiren.</p>	<p>Sintetiza os principais cambios socioeconómicos, culturais e políticos que se produciron entre 1936 e 1975.</p> <p>Describe o contexto cultural en que se desenvolve literatura galega de posguerra, no interior e no exilio.</p> <p>Coñece as principais liñas temáticas e estilísticas da lírica galega de posguerra.</p> <p>Coñece as traxectorias dos representantes da lírica no exilio (Luís Seoane, Lorenzo Varela e Eduardo Blanco Amor) e comenta os trazos propios da obra poética destes autores.</p> <p>Comenta as características da obra poética de posguerra de Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Explica a corrente neovirxilianista e identifica os trazos característicos da obra dos seus representantes.</p> <p>Explica os trazos propios do intimismo existencialista e comenta a obra poética dos seus representantes.</p> <p>Describe a traxectoria de Celso Emilio Ferreiro e analiza, baixo guía, textos representativos das diferentes etapas da súa obra poética.</p> <p>Coñece a traxectoria de Manuel María e identifica e comenta os trazos propios da súa produción lírica.</p> <p>Relaciona unha serie de enunciados cos autores/as e obras aos que se refiren, así como os seus títulos.</p> <p>LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975.</p> <p>LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p> <p>Resume as</p>		<p>das Festas Minervais.</p>		
			CCL	Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975. NNG e autores dos primeiros 70	Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas	
			CCL	Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas	



Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
<p>Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas.</p> <p>A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</p> <p>Narrativa de posguerra: direccións e autores.</p> <p>A narrativa do exilio.</p> <p>O relato popular e etnográfico.</p> <p>O relato social.</p> <p>    O experimentalismo e a «Nova Narrativa». Autores e obras.</p> <p>    A narrativa de Álvaro Cunqueiro.</p> <p>    Vida e obra.</p> <p>    As novelas. Características temático-estilísticas da narrativa de Cunqueiro.</p> <p>    A triloxía de «relatos galegos». Trazos definitorios.</p> <p>    A narrativa de Eduardo Blanco Amor.</p> <p>    Vida e obra.</p> <p>    As novelas. Características comúns entre <i>A esmorga</i> e <i>Xente ao lonxe</i>.</p> <p>    Os relatos breves.</p> <p>    O ensaio: da posguerra á actualidade.</p> <p>    O ensaio da posguerra. A consolidación dun xénero.</p> <p>O grupo de Galaxia: Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Domingo García-Sabell, Xoán Rof Carballo, Francisco Fernández del Riego.</p> <p>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p> <p>O teatro de 1943 a 1973: da Posguerra á Mostra de Ribadavia</p> <p>O teatro do exilio</p> <p>Os anos 50: a «dramática silenciada».</p> <p>Os anos 60: o teatro independente.</p>	<p>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</p> <p>Resumir as tendencias en que pode clasificarse a narrativa de posguerra, destacando os condicionamentos políticos, sociais e económicos en que se desenvolveu.</p> <p>Describir a narrativa do exilio e coñecer os seus principais representantes.</p> <p>Explicar os trazos xerais da narrativa de Ánxel Fole, en relación co seu carácter etnográfico.</p> <p>Describir os trazos xerais do relato social e identificar as características da obra narrativa de Xohana Torres e Xosé Neira Vilas.</p> <p>Identificar razoadamente os principais trazos da Nova Narrativa Galega e coñecer os seus representantes.</p> <p>Coñecer a traxectoria de Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Explicar e comentar as características temático-estilísticas da narrativa de Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Coñecer e analizar os trazos definitorios da triloxía de «relatos galegos» de Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Coñecer a traxectoria de Eduardo Blanco Amor.</p> <p>Explicar as características comúns entre as dúas novelas en galego de Eduardo Blanco Amor.</p> <p>Identificar e comentar os trazos principais da narrativa breve de Eduardo Blanco Amor.</p> <p>Coñecer os representantes</p>	<p>características xerais do teatro galego entre 1943 e 1973, en relación co seu contexto histórico.</p> <p>Describe os trazos propios da literatura dramática no exilio: Manuel Varela Buxán, Eduardo Blanco Amor e Luís Seoane.</p> <p>Identifica as liñas esenciais da literatura dramática dos anos 50 e coñece a obra de Ricardo Carvalho Calero, Jenaro Marínhas del Valle e Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Explica as características do teatro independente dos anos 60 e coñece a obra dos seus principais representantes: Manuel Lourenzo, Daniel Cortezón e Manuel Marfá.</p> <p>Explica os trazos propios da obra dos autores relacionados coas mostras de Ribadavia e o grupo Abrente: Manuel Lourenzo, Euloxio Rodríguez Ruibal e Roberto Vidal Bolaño.</p> <p>Responde preguntas sobre os contidos desenvolvidos na unidade correspondente.</p> <p>Asocia obras cos seus autores e correntes.</p>				

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
<p>As mostras de Ribadavia e o grupo Abrente.</p>	<p>e trazos fundamentais do ensaio galego na etapa da posguerra.</p> <p>Relacionar unha serie de enunciados cos autores/as e obras aos que se refiren.</p> <p>Razoar a veracidade dunha serie de enunciados relativos aos contidos estudados.</p> <p>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p> <p>Resumir as características xerais do teatro galego entre 1943 e 1973, en relación co seu contexto histórico.</p> <p>Describir os trazos propios da literatura dramática no exilio: Manuel Varela Buxán, Eduardo Blanco Amor e Luís Seoane.</p> <p>Identificar as liñas esenciais da literatura dramática dos anos 50 e coñecer a obra de Ricardo Carvalho Calero, Jenaro Marín del Valle e Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Explicar as características do teatro independente dos anos 60 e coñecer a obra dos seus principais representantes: Manuel Lourenzo, Daniel Cortezón e Manuel María.</p> <p>Explicar os trazos propios da obra dos autores relacionados coas mostras de Ribadavia e o grupo Abrente: Manuel Lourenzo, Euloxio Rodríguez Ruibal e Roberto Vidal Bolaño.</p> <p>Responder preguntas sobre os contidos desenvolvidos na unidade correspondente.</p> <p>Asociar obras cos seus autores e correntes.</p>					
<p>B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. Análise guiada de «Lanza de soledá», Aquilino Iglesia Alvariño, <i>Lanza de</i></p>	<p>B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>	<p>LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. Análiza, de xeito guiado, un</p>	<p>CCL</p>	<p>Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e</p>	<p>Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas</p>	

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
<p><i>soledá.</i></p> <p>Análise guiada de «Penélope», Díaz Castro, <i>Nimbos</i>.</p> <p>Análise guiada de «O meu tempo», María Mariño, <i>Palabra no tempo</i>.</p> <p>Análise guiada de «Rondeau das señoras donas...», Álvaro Cunqueiro, <i>Dona do corpo delgado</i>.</p> <p>Análise guiada de «Nocturnios», Bernardino Graña, <i>Non vexo Vigo nin Cangas</i>.</p> <p>Análise guiada de «Eramos navegantes das Illas», Xohana Torres, <i>Tempo de ría</i>.</p> <p>Análise guiada de «Primeira comunión», Luís Pimentel, <i>Sombra do aire na herba</i>.</p> <p>Comentario literario guiado: «Dempois», Celso Emilio Ferreiro, <i>O soño sulagado</i>.</p> <p>Análise guiada dun fragmento de <i>Cambio en tres</i>, Carlos Casares.</p> <p>Análise guiada dun fragmento de <i>Merlín e familia</i>, Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Comentario literario guiado: fragmento de <i>Era tempo de apandar</i>, Ramón de Valenzuela.</p> <p>Análise guiada dun fragmento de <i>A fiestra baldeira</i>, Rafael Dieste.</p> <p>Análise guiada dun fragmento de <i>O incerto Señor don Hamlet</i>, príncipe de Dinamarca, Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Comentario literario guiado: fragmento de <i>Os vellos non deben de namorarse</i>, Castelao.</p>	<p>Analizar, de xeito guiado, un poema de Aquilino Iglesia Alvariño, atendendo á súa temática, estrutura e recursos formais.</p> <p>Analizar formalmente un poema de Díaz Castro e sinalar a relación entre a temática, a forma e a estrutura.</p> <p>Analizar un poema de María Mariño, atendendo á relación entre a voz lírica, a composición formal e os campos semánticos empregados.</p> <p>Comentar un poema de Álvaro Cunqueiro desde o punto de vista temático e comparar as súas relacións intertextuais con outras obras líricas.</p> <p>Comentar a temática dun poema de Bernardino Graña.</p> <p>Analizar os recursos expresivos nun poema de Xoana Torres e comentar a dimensión simbólica do texto.</p> <p>Comentar a simboloxía dun poema de Luís Pimentel e analizar a súa estrutura.</p> <p>Realizar un comentario literario guiado dun poema de Celso Emilio Ferreiro.</p> <p>Contextualizar a composición no conxunto da obra poética á que pertence e comentar a súa temática en relación co contexto sociohistórico en que foi escrita.</p> <p>Analizar e explicar a estrutura do poema, baixo guía.</p> <p>Realizar unha análise formal e estilística, seguindo unhas pautas.</p> <p>Expoñer a súa interpretación do texto e valoralo criticamente, en relación coa obra do autor e o seu contexto.</p> <p>Analizar os elementos propios da Nova</p>	<p>poema de Aquilino Iglesia Alvariño, atendendo á súa temática, estrutura e recursos formais.</p> <p>Analiza formalmente un poema de Díaz Castro e sinala a relación entre a temática, a forma e a estrutura.</p> <p>Analiza un poema de María Mariño, atendendo á relación entre a voz lírica, a composición formal e os campos semánticos empregados.</p> <p>Comenta un poema de Álvaro Cunqueiro desde o punto de vista temático e compara as súas relacións intertextuais con outras obras líricas.</p> <p>Comenta a temática dun poema de Bernardino Graña.</p> <p>Analiza os recursos expresivos nun poema de Xoana Torres e comenta a dimensión simbólica do texto.</p> <p>Comenta a simboloxía dun poema de Luís Pimentel e analiza a súa estrutura.</p> <p>Realiza un comentario literario guiado dun poema de Celso Emilio Ferreiro.</p> <p>Contextualiza a composición no conxunto da obra poética á que pertence e comenta a súa temática en relación co contexto sociohistórico en que foi escrita.</p> <p>Analiza e explica a estrutura do poema, baixo guía.</p> <p>Realiza unha análise formal e estilística, seguindo unhas pautas.</p> <p>Expón a súa interpretación do texto e valoralo criticamente, en relación coa obra do autor e o seu contexto.</p>		sociolingüístico.		
		LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co	Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas	

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
	<p>Narrativa presentes nun fragmento da obra de Carlos Casares.</p> <p>Analizar un fragmento dunha novela de Álvaro Cunqueiro desde o punto de vista formal, estrutural e temático, en relación co conxunto da obra do autor.</p> <p>Realizar un comentario literario guiado dun fragmento da obra de Ramón de Valenzuela.</p> <p>Situar a obra no seu contexto e sinalar no fragmento os elementos propios da tendencia realista.</p> <p>Analizar o fragmento e exemplificar a caracterización dos personaxes.</p> <p>Valorar o texto no seu conxunto, relacionando os seus trazos formais, estruturais e pragmáticos.</p>	<p>Analiza os elementos propios da Nova Narrativa presentes nun fragmento da obra de Carlos Casares.</p> <p>Analiza un fragmento dunha novela de Álvaro Cunqueiro desde o punto de vista formal, estrutural e temático, en relación co conxunto da obra do autor.</p> <p>Realiza un comentario literario guiado dun fragmento da obra de Ramón de Valenzuela.</p> <p>Sitúa a obra no seu contexto e sinala no fragmento os elementos propios da tendencia realista.</p> <p>Analiza temática e estruturalmente o fragmento e exemplifica a caracterización dos personaxes.</p> <p>Valora o texto no seu conxunto, relacionando os seus trazos formais, estruturais e pragmáticos.</p>		<p>contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>		
	<p>Analizar un fragmento de <i>A fiestra baldeira</i>, de Rafael Dieste, de xeito guiado e en relación co seu contexto.</p> <p>Analizar, de xeito guiado, un fragmento de <i>O incerto Señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca</i>, de Álvaro Cunqueiro, en relación coa obra de Shakespeare.</p> <p>Realizar un comentario literario guiado dun fragmento de <i>Os vellos non deben de namorarse</i>, de Castelao.</p> <p>Determinar os dous tipos de discurso empregados na obra e sinalar os elementos populares presentes nela.</p> <p>Analizar a estrutura da obra, en relación coa súa temática.</p> <p>Comentar a caracterización dos personaxes.</p> <p>Sinalar os elementos tradicionais e innovadores na obra.</p>	<p>LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p> <p>Analiza un fragmento de <i>A fiestra baldeira</i>, de Rafael Dieste, de xeito guiado e en relación co seu contexto.</p> <p>Analiza, de xeito guiado, un fragmento de <i>O incerto Señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca</i>, de Álvaro Cunqueiro, en relación coa obra de Shakespeare.</p> <p>Realiza un comentario literario guiado dun fragmento de <i>Os vellos non deben de namorarse</i>, de Castelao.</p> <p>Analiza a estrutura da obra, en relación coa súa temática.</p> <p>Comenta a caracterización dos personaxes.</p> <p>Sinala os elementos tradicionais e innovadores da obra.</p>	<p>CCL</p>	<p>Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>	<p>Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas</p>	

<p>B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade:</p> <p>Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Galicia desde 1975 ao novo milenio.</p> <p>A lírica galega (1975-1990).</p> <p>A revisión do canon poético e o cambio de rumbo (1976-1980).</p> <p>Xosé Luís Méndez Ferrín.</p> <p>A poesía de Méndez Ferrín.</p> <p>Álvaro Cunqueiro.</p> <p>Arcadio López-Casanova.</p> <p>Alfonso Pexegueiro.</p> <p>A promoción dos 80.</p> <p>Principais tendencias e autores dos 80.</p> <p>Estética formalista: Xavier Rodríguez Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Ramiro Fonte, Miguel Anxo Fernández Vello, Manuel Forcadela, Román Raña e outros nomes.</p> <p>A poesía da experiencia: Cesáreo Sánchez Iglesias, Manuel Rivas e Lois Pereiro.</p> <p>Experimentalismo: Manuel Vilanova, Vitor Vaqueiro, Vicente Araguas.</p> <p>Recuperación da voz feminina: Xela Arias, Ana Romaní.</p> <p>A década dos 90 e inicios do século XXI.</p> <p>Poetas e tendencias.</p> <p>Poesía de transición: Gonzalo Navaza, Miro Villar, Arturo Casas, Rafa Villar, Helena de Carlos.</p> <p>Poesía provocadora e contestataria: Antonio R. López, María Xosé Queizán, Chus Pato, Lupe Gómez, Yolanda Castaño, Olga Novo.</p> <p>Poesía do íntimo e cotián: Anxo Angueira, Fran Alonso, Enma Couceiro, Estevo Creus.</p> <p>Outras liñas: Manuel</p>	<p>B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:</p> <p>Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Explicar o contexto social e político da literatura galega de 1975 ata a actualidade.</p> <p>Describir características comúns da lírica galega entre 1975 e 1990.</p> <p>Explicar os trazos propios da poesía galega entre 1976 e 1980 e coñecer a obra dos autores significativos: Xosé Luís Méndez Ferrín, Arcadio López Casanova e Alfonso Pexegueiro.</p> <p>Describir as características comúns da lírica galega da promoción dos 80.</p> <p>Coñecer os trazos propios da obra dos representantes da estética formalista na promoción dos 80.</p> <p>Describir os trazos propios da obra dos representantes da poesía da experiencia na promoción dos 80.</p> <p>Coñecer as características da obra dos representantes da estética experimentalista na promoción dos 80.</p> <p>Describir as tendencias e trazos característicos da lírica feminista da promoción dos 80.</p> <p>Describir as características e tendencias da poesía dos 90 e inicios do século XXI.</p> <p>Describir as características e tendencias da poesía dos 90 e inicios do século XXI.</p> <p>Responder preguntas sobre os contidos estudados.</p> <p>Adscribir unha serie de tendencias ás súas épocas e características.</p> <p>Relacionar autores e obras cos seus trazos propios.</p> <p>Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e</p>	<p>LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Explica o contexto social e político da literatura galega de 1975 ata a actualidade.</p> <p>Describe as características comúns da lírica galega entre 1975 e 1990.</p> <p>Explica os trazos propios da poesía galega entre 1976 e 1980 e coñece a obra dos autores significativos: Xosé Luís Méndez Ferrín, Arcadio López Casanova e Alfonso Pexegueiro.</p> <p>Describe as características comúns da lírica galega da promoción dos 80.</p> <p>Coñece os trazos propios da obra dos representantes da estética formalista na promoción dos 80.</p> <p>Describe os trazos propios da obra dos representantes da poesía da experiencia na promoción dos 80.</p> <p>Coñece as características da obra dos representantes da estética experimentalista na promoción dos 80.</p> <p>Describe as características e tendencias da poesía dos 90 e inicios do século XXI.</p> <p>Responde preguntas sobre os contidos estudados.</p> <p>Adscribe unha serie de tendencias ás súas épocas e características.</p> <p>Relaciona autores e obras cos seus trazos propios.</p>	<p>CCL</p> <p>. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade</p>	<p>Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas</p>
--	--	--	--	---

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
<p>Outeiriño, María do Cebreiro e outros nomes.</p> <p>Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Os novos camiños da narrativa.</p> <p>A narrativa durante a chamada «Transición» (1975-1982): X. Bernárdez Villar, X. Fernández Ferreiro, Anxo Rei Ballesteros e Carlos Casares.</p> <p>A narrativa de X. L. Méndez Ferrín.</p> <p>A narrativa da década de 1980.</p> <p>Principais tendencias.</p> <p>A liña memorialística/intimista: Xavier Alcalá, X. M. Martínez Oca.</p> <p>Novela histórica (e de ficción histórica): Víctor F. Freixanes, Alfredo Conde.</p> <p>O relato policial: Carlos Reigosa.</p> <p>A narrativa fragmentaria/experimental: Suso de Toro.</p> <p>Cara á narrativa do novo milenio.</p> <p>A narrativa da década de 1990 e comezos do século XXI: principais direccións.</p> <p>Persistencia da novela histórica: Xesús Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana, Xosé Fernández Ferreiro, Anxo Angueira, Estro Montaña, Luís Rei Núñez.</p> <p>Continuidade da temática memorialística/intimista: A. Rei Ballesteros, Ramiro Fonte, X. L. Méndez Ferrín, Manuel Veiga e Xosé Ramón Pena.</p> <p>Consolidación e espallamento da novela de xénero: Beito Iglesias, Aníbal C. Malvar, Diego</p>	<p>o novo século.</p> <p>Sinalar os trazos xerais da narrativa do século XX e comezos do XXI.</p> <p>Explicar as características e principais tendencias da narrativa durante a chamada Transición (1975-1982).</p> <p>Recoñecer as características e principais tendencias da narrativa galega durante a década de 1980.</p> <p>Describir os trazos característicos e as principais direccións da narrativa galega a partir dos anos 90.</p> <p>Coiñecer as principais liñas exploradas no ensaio das últimas décadas do século XX, así como os seus representantes.</p> <p>Responder preguntas relativas aos contidos estudados.</p> <p>Relacionar unha serie de obras cos seus autores e autoras.</p> <p>Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Sinalar as características e tendencias principais do teatro galego posterior a 1975.</p>	<p>LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Sinala os trazos xerais da narrativa do século XX e comezos do XXI.</p> <p>Explica as características e principais tendencias da narrativa durante a chamada Transición (1975-1982).</p> <p>Recoñece as características e principais tendencias da narrativa galega durante a década de 1980 e dos anos 90.</p> <p>Coiñece as principais liñas exploradas no ensaio das últimas décadas do século XX, así como os seus representantes.</p> <p>Responde preguntas relativas aos contidos estudados.</p> <p>Relaciona unha serie de obras cos seus autores e autoras.</p> <p>LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>Sinala as características e tendencias principais do teatro galego posterior a 1975.</p> <p>Explica os trazos propios do teatro na fin do século XX e coñece as liñas temáticas destacadas.</p> <p>Describe os trazos xerais da obra dos/as dramaturgos/as da promoción dos 80.</p> <p>Explica as características da obra dos autores e autoras teatrais da xeración dos 90.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p>	<p>Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade.</p> <p>Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade.</p>	<p>Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas</p> <p>Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas</p>	

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
<p>Ameixeiras, Domingo Villar, Miguel Anxo Fernández e Xosé Miranda.</p> <p>Novela de autor ou experimental: Xosé Cid Cabido, Gonzalo Navaza, Xurxo Borrazás e Xosé Carlos Caneiro.</p> <p>Neocostumismo urbano ou semiurbano: a «narrativa bravú». Manuel Rivas.</p> <p>Xurdimento dunha «narrativa de muller»: María Xosé Queizán, Úrsula Heinze, Margarita Ledo Andión, Marilar Aleixandre, Inma López Silva, Rosa Aneiros, María Reimóndez e Teresa Moure.</p> <p>Entremestura de xéneros: Anxos Sumai, Fran Alonso, Xavier Queipo e Miguel Anxo Murado.</p> <p>A literatura infantil e xuvenil: Carlos Casares, Manuel María, Neira vilas, Bernardino Graña, María Victoria Moreno; Paco Martín, Xabier Puente DoCampo, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Leticia Costas e outros nomes.</p> <p>O ensaio nas últimas décadas do século XX.</p> <p>Principais tipos de ensaio e autores.</p> <p>O ensaio económico e político.</p> <p>O ensaio sociocultural: ensaio filosófico, ensaio feminista, ensaio lingüístico e literario, ensaio teolóxico e ensaio histórico.</p> <p>Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>O teatro posterior a 1975.</p> <p>O teatro na fin do século XX. Liñas temáticas.</p> <p>A promoción de 1980. Trazos xerais.</p> <p>Autores da promoción dos 80:</p>	<p>Explicar os trazos propios do teatro na fin do século XX e coñece as liñas temáticas destacadas.</p> <p>Describir os trazos xerais da obra dos/as dramaturgos/as da promoción dos 80.</p> <p>Explicar as características da obra dos autores e autoras teatrais da xeración dos 90.</p>					

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
<p>Miguel Anxo Fernán-Vello, Andrés Álvarez Vila, Xosé Cid Cabido, Luísa Villalta, João Guisan, Xesús Pisón, Xosé Luís Martínez Pereiro, Anxo Rei Ballesteros, Alberto Avendaño Prieto, Antón Reixa, Xosé Carlos Cermeño, Roberto Salgueiro, Paulino Pereiro, Manuel Guede e outros.</p> <p>A xeración dos 90. Trazos xerais.</p> <p>Autores da xeración dos 90: Cándido Pazó, Miguel Anxo Murado, Henrique Rabuñal, Francisco Souto, Xavier Lama, Raúl Dans, Lino Braxe, Manuel Núñez Singala, Roberto Salgueiro e Inma Antonio Souto.</p> <p>Actividades de autoavaliación.</p>						
<p>B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p> <p>Análise guiada de «Señoras do pasado», Xosé Luís Méndez Ferrín, <i>Con pólvora e magnolias</i>.</p> <p>Análise guiada de «Estirpe», Xosé Luís Méndez Ferrín, <i>Estirpe</i>.</p> <p>Análise guiada de «Ás veces fica só unha estatua quebrada», Pilar Pallarés, <i>Libro das devoracións</i>.</p> <p>Análise guiada de «Coitelos», Xosé María Álvarez Cáccamo, <i>Cimo das idades tristes</i>.</p> <p>Análise guiada de «A escada de Xacobe», Chus Pato, <i>Nínive</i>.</p> <p>Análise guiada de «Trazado urbano», Lupe Gómez, <i>Pornografía</i>.</p> <p>Análise guiada de «Os líquidos íntimos», Olga Novo, <i>Nós nus</i>.</p> <p>Comentario literario guiado de «E ti dirás quizais que</p>	<p>B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p> <p>Analizar, de xeito guiado, un poema de Méndez Ferrín, en relación coas súas referencias intertextuais.</p> <p>Analizar, desde o punto de vista temático, un poema de Méndez Ferrín.</p> <p>Analizar formal e tematicamente, de xeito guiado, un poema de Miguel-Anxo Fernán Vello.</p> <p>Analizar os motivos e recursos dun poema de Pilar Pallarés, en relación coa liña poética á que pertence.</p> <p>Analizar tematicamente un poema de X: M. Álvarez Cáccamo.</p> <p>Analizar tematicamente un poema de Chus Pato.</p>	<p>LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto histórico e sociolingüístico.</p> <p>Analiza, de xeito guiado, un poema de Méndez Ferrín, en relación coas súas referencias intertextuais.</p> <p>Analiza, desde o punto de vista temático, un poema de Méndez Ferrín.</p> <p>Analiza formal e tematicamente, de xeito guiado, un poema de Miguel-Anxo Fernán Vello.</p> <p>Analiza os motivos e recursos dun poema de Pilar Pallarés, en relación coa liña poética á que pertence.</p> <p>Analiza tematicamente un poema de X: M. Álvarez Cáccamo.</p> <p>Analiza tematicamente un poema de Chus Pato.</p> <p>Analiza, baixo guía, un poema de Lupe Gómez.</p> <p>Analiza, baixo guía, un poema de Olga Novo.</p>	<p>CCL</p>	<p>Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade</p>	<p>Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas</p>	



Bloques de contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
non gustas dos versos...», Marta Dacosta, <i>Pel de ameixa</i> . Análise guiada dun fragmento de <i>Morning Star</i> , Xosé Miranda. Análise guiada de «Mundo multicolor», Miguel Anxo Murado, <i>Fin de século en Palestina</i> .	Analizar, baixo guía, un poema de Lupe Gómez. Analizar, baixo guía, un poema de Olga Novo. Realizar un comentario literario guiado dun poema de Marta Dacosta. Contextualizar o texto, achegando exemplos.	Realiza un comentario literario guiado dun poema de Marta Dacosta. Contextualiza o texto, achegando exemplos. Analiza o plano enunciativo do poema. Realiza unha análise estrutural e formal do texto.				
Análise guiada dun fragmento de <i>A noite enriba</i> , Diego Ameixeiras. Comentario literario guiado dun fragmento de <i>Xoguetes para un tempo perdido</i> , Carlos Casares. Análise guiada dun fragmento de <i>O pauto</i> , Xesús Pisón. Análise guiada dun fragmento de <i>Copenhague</i> , X. Cid Cabido e Andrés A. Vila. Comentario literario guiado dun fragmento de <i>Raíñas de pedra</i> , Cándido Pazó.	Analizar o plano enunciativo do poema. Realizar unha análise estrutural e formal do texto. Analizar, baixo guía, un fragmento da obra de Xosé Miranda, en relación cos trazos propios do seu xénero. Analizar, de xeito guiado, un fragmento da obra de Miguel Anxo Murado. Analizar, baixo guía, un fragmento da obra de Diego Ameixeiras, en relación cos trazos propios do seu xénero. Realizar un comentario literario guiado dun fragmento de <i>Xoguetes para un tempo perdido</i> , de Carlos Casares. Determinar o tema tratado no texto. Realizar unha análise estrutural do relato. Analizar, baixo guía, a temporalización do fragmento. Caracterizar os personaxes. Comentar o punto de vista empregado e sinalar as técnicas narrativas utilizadas. Analizar os recursos formais, de xeito guiado. Analizar, de xeito guiado, un fragmento da obra de Xesús Pisón. Analizar, baixo guía, un fragmento da obra <i>Copenhague</i> , de X. Cid Cabido e Andrés A. Vila. Realizar un comentario	LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. Analiza, baixo guía, un fragmento da obra de Xosé Miranda, en relación cos trazos propios do seu xénero. Analiza, de xeito guiado, un fragmento da obra de Miguel Anxo Murado e Diego Ameixeiras en relación cos trazos propios do seu xénero. Realiza un comentario literario guiado dun fragmento de <i>Xoguetes para un tempo perdido</i> , de Carlos Casares. Sitúa razoadamente o tema. Determina o tema tratado no texto. Realiza unha análise estrutural do relato. Analiza, baixo guía, a temporalización do fragmento. Caracteriza os personaxes Comenta o punto de vista empregado e sinala as técnicas narrativas utilizadas Analiza os recursos	CCL	.Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade	Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas	

Bloques de contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
	<p>literario guiado dun fragmento de <i>Raiñas de pedra</i>, de Cándido Pazó.</p> <p>Contextualizar a obra, empregando información complementaria.</p> <p>Facer unha análise estrutural do fragmento.</p> <p>Analizar a caracterización dos personaxes.</p> <p>Realizar unha análise da obra desde o punto de vista técnico-formal.</p>	<p>formais, de xeito guiado.</p> <p>LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p> <p>Analiza, de xeito guiado, un fragmento da obra de Xesús Pisón.</p> <p>Analiza, baixo guía, un fragmento da obra <i>Copenhague</i>, de X. Cid Cabido e Andrés A. Vila.</p> <p>Realiza un comentario literario guiado dun fragmento de <i>Raiñas de pedra</i>, de Cándido Pazó.</p> <p>Contextualiza a obra, empregando información complementaria.</p> <p>Fai unha análise estrutural do fragmento.</p> <p>Analiza a caracterización dos personaxes.</p> <p>Realiza unha análise da obra desde o punto de vista técnico-formal.</p>	CCL	Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade	Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas	
<p>B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.</p> <p>Lectura guiada, análise e comentario de obras completas de cada un dos períodos estudados.</p> <p>Ramón Cabanillas: Na noite estrelecida. Argumento e estrutura. Fontes. Rexistros estilísticos. Métrica.</p> <p>A dignificación mítica de Galicia. Ramón Otero Pedrayo: <i>Os camiños da vida</i>. Argumento. Personaxes. O espazo. O tempo. O narrador.</p> <p>Realismo e culturalismo. Celso Emilio Ferreiro: <i>Longa noite de pedra</i>. Edición. Temas. Estrutura. Estilo e métrica.</p> <p>Eduardo Blanco Amor: <i>A esmorga</i>. Argumento e estrutura. Narradores e puntos de vista. Conflito moral e conflito social: <i>A esmorga</i> como traxedia. Personaxes. Recursos estilísticos.</p> <p>Castelao: Os vellos non deben de</p>	<p>B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.</p> <p>Ler <i>Na noite estrelecida</i>, de Ramón Cabanillas, atendendo ás súas fontes e aos seus trazos formais, estilísticos e temáticos.</p> <p>Ler comprensivamente <i>Os camiños da vida</i>, prestando atención aos diferentes elementos narrativos.</p> <p>Ler comprensivamente <i>Longa noite de pedra</i>, prestando atención aos elementos contextuais, formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Ler comprensivamente <i>A esmorga</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p>	<p>LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.</p> <p>Le <i>Na noite estrelecida</i>, de Ramón Cabanillas, atendendo ás súas fontes e aos seus trazos formais, estilísticos e temáticos.</p> <p>Le comprensivamente <i>Os camiños da vida</i>, prestando atención aos diferentes elementos narrativos.</p> <p>Le comprensivamente <i>Longa noite de pedra</i>, prestando atención aos elementos contextuais, formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Le comprensivamente <i>A esmorga</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Le comprensivamente <i>Os vellos non deben de</i></p>	CCL		Comentarios de texto. Exposicións orais ou escritas. Probas escritas	

Bloques de contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo	Proced. e instrumentos de avaliación	Temporalización
<p>namorarse. Argumento e estrutura. Personaxes. Trazos estilísticos. A intencionalidade da obra.</p> <p>X. L. Méndez Ferrín: Con pólvora e magnolias. Edición. Estructura. Temas. Unidade. Estilo.</p> <p>Manuel Rivas: O lapis do carpinteiro. Argumento e estrutura. Narrador e punto de vista. Personaxes. Principais trazos estilísticos.</p> <p>Raúl Dans: <i>Lugar</i>. Edición. Sinopsis argumental. Personaxes. Desenvolvemento escénico. Códigos técnico-formais.</p>	<p>Ler comprensivamente <i>Os vellos non deben de namorarse</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Ler comprensivamente <i>Con pólvora e magnolias</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Ler comprensivamente <i>O lapis do carpinteiro</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Ler comprensivamente <i>Lugar</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p>	<p><i>namorarse</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Le comprensivamente <i>Con pólvora e magnolias</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Le comprensivamente <i>O lapis do carpinteiro</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p> <p>Le comprensivamente <i>Lugar</i>, prestando atención aos elementos formais, estruturais e temáticos.</p>				

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS.

### 5.1 ASPECTOS XERAIS

O noso modelo didáctico busca unha aprendizaxe significativa, que se basea en dous principios fundamentais: o alumnado constrúe o seu coñecemento tendo como guía o profesorado e a aprendizaxe que realiza debe ser significativa para el, ter un sentido, o que debería garantir, por outra parte, a súa motivación no proceso.

A nosa metodoloxía seguirá, polo tanto, o modelo construtivista, buscará que eses os contidos que o alumnado adquira estean en relación cos coñecementos que xa posúe e que teña conciencia da súa aplicación en contextos diversos.

Tendo en conta isto, a nosa metodoloxía terá os seguintes trazos:

- Será indutiva e terá como protagonista o alumnado, que se formará coa axuda de compañeiros e o profesorado, sendo este último un facilitador da aprendizaxe procurando reducir ao mínimo as clases maxistras.
- Ofrecerá propostas creativas e orixinais, que busquen a motivación do alumnado e a potenciación da súa memoria comprensiva, aquela que lle permite actualizar os seus coñecementos e relacionalos coas distintas situacións que se lle presenten.
- Traballará contidos coherentes, tanto desde o punto de vista da propia materia como desde o punto de vista lóxico, en relación coa madurez do alumnado.
- Fomentará a participación activa na aprendizaxe, así como o traballo cooperativo entre o alumnado e interdisciplinar entre os distintos departamentos didácticos. En relación con isto, este curso o noso Departamento estableceu co Departamento de Lingua castelá unha serie de acordos para o tratamento integrado das dúas linguas que esperamos frutifique nun Tratamento integrado de todas as linguas do noso centro en cursos vindeiros.

## 5.2. CRITERIOS PROPIOS DA ÁREA

Na área de lingua galega e literatura, o alumnado dispón dun conxunto de coñecementos previos, ben aprendidos ou ben adquiridos como usuario da propia lingua. Polo tanto, a selección e organización dos contidos mínimos que programamos debe mellorar a súa competencia comunicativa e aumentar progresivamente os seus coñecementos sobre a lingua como sistema de comunicación e sobre a literatura. Ademais, a secuenciación dos contidos porase en relación co seu grao de madureza, do que dependerán os distintos graos de complexidade.

Con base nestes aspectos, os criterios metodolóxicos en que se basea o proceso de ensino-aprendizaxe na nosa área son os seguintes:

- Entendemos a lingua como instrumento de comunicación (falar, escoitar, ler e escribir) e de construción do coñecemento, polo que o seu ensino-aprendizaxe supón o traballo cos procesos cognitivos da comprensión e da expresión, fundamentais na comunicación oral e escrita. Polo tanto, as tarefas e actividades traballarán estes dous procesos: busca da idea fundamental, o tema, a xerarquización das ideas e a estrutura, o resumo...
- Ao mesmo tempo, a nosa materia debe ofrecer coñecementos sobre lingua e literatura que lle permitan ao alumnado mellorar as súas capacidades comunicativas, ten un fin pragmático. Atenderase especialmente á oralidade e ás competencias activas.
- Pero, ademais, a lingua é un elemento cultural e conforma unha visión particular do mundo no que se fala, polo que desde a nosa área debemos capacitalos para usala con seguridade e para que comprendan a realidade sociolingüística do mundo, do seu Estado e da súa comunidade.
- Buscaremos que aprender lingua e literatura galega sexa unha fonte de pracer e de enriquecemento persoal, ademais dun medio de diferenciación cultural. Ademais, fomentaremos o gusto pola lectura, instrumento fundamental para adquirir e dominar unha lingua, ademais de fomentar o seu espírito crítico.
- Finalmente, buscaremos a coordinación cos demais departamentos didácticos que imparten linguas, para facer máis rendibles os coñecementos lingüísticos do alumnado e aproveitar os estándares adquiridos en lingua galega e literatura para a aprendizaxe das outras linguas e viceversa; neste sentido, cremos necesaria a elaboración dun TIL (Tratamento integrado das Linguas) ou, cando menos, establecer unha serie de acordos básicos co Departamento da outra lingua oficial da comunidade.

## 5.3. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS.

A organización e secuenciación de contidos en cada un dos bloques detallada máis arriba parte do principio de que a aprendizaxe dunha lingua é progresiva, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ó mantemento e á activación das de cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Daquela, a secuenciación dos contidos marca a maior ou menor profundidade en que se han de abordar, non adscribe determinados contidos a determinados niveis. Polo tanto, os diferentes bloques de contido da nosa área traballaranse e avaliaranse conxuntamente na aula.

Por outra banda, como sinalamos no punto 5.1., os acordos establecidos co Departamento de Lingua Castelá para o tratamento integrado das linguas inclúen tamén o reparto de contidos; isto en ningún caso quere dicir que cada departamento obviará unha serie de contidos e llos deixará ao outro, senón que determinados contidos serán introducidos e abordados en profundidade por un departamento e o outro reforzaraos e ampliaraos.

#### 5.4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS. ACTIVIDADES E CONTEXTOS DE APRENDIZAXE.

Tanto as actividades como as modalidades de traballo responderán aos principios expostos con anterioridade. En canto ás actividades, terán as seguintes características:

- Estarán relacionadas co contexto comunicativo en que se desenvolve o alumnado.
- Deberán potenciar a súa autoestima e terán en conta a súa diversidade.
- Serán globalizadoras e potenciarán o emprego adecuado e eficaz da lingua galega nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.
- Deben sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas e achegar ao alumnado ao patrimonio literario e cultural de Galicia.
- Cumprindo con estas características programaranse actividades de distinto tipo: iniciación e motivación, de enfoque, de ampliación de contidos e de síntese ou finais.

En canto aos contextos de aprendizaxe, o traballo de aula organízase en unidades didácticas nas que se propoñerán actividades ao alumnado. Estas actividades contextualizaranse de acordo cos estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles previstos e cos materiais e recursos didácticos dos que se dispón en cada momento, seguindo en xeral a secuencia lóxica: actividades de iniciación, de enfoque, de ampliación e de síntese.

As clases desenvolveranse, basicamente, de acordo coas seguintes pautas de traballo (individuais e/ou colectivas):

- O profesorado, para cada nova unidade didáctica (ou apartado temático desta), realizará actividades de avaliación inicial e/ou outras actividades de iniciación, para saber o que o alumnado coñece do tema e detectar ideas previas.
- Posteriormente introduciranse, de forma breve e os principais contidos conceptuais, axudando ao alumnado a establecer conexións entre os novos conceptos e as ideas previas detectadas. Neste caso consideramos que é necesaria unha información ou comunicación directa que o profesorado achegará de maneira oral e/ou con materiais visuais de apoio, xeralmente en gran grupo (con todo o grupo-clase).
- A continuación realizaranse actividades de enfoque e de ampliación, empregándose distintos materiais didácticos: libro de texto e outros materiais (textos, esquemas, mapas conceptuais, multimedia, etc.), e coa colaboración do profesorado cando sexa necesario.
- Determinadas actividades de enfoque e ampliación (como postas en común, coloquios e debates, explicación do traballo aos demais, avaliacións conxuntas, etc.) requirirán a organización da aula en gran grupo.
- As actividades de síntese, dependendo da súa natureza, poderán realizarse de xeito individual (no caso de resolución de cuestións clave, elaboración de traballos escritos, esquemas, resumos, gráficos ou mapas conceptuais, presentación de conclusións ou de comentarios de texto...) ou en pequenos grupos e/ou gran grupo (postas en común, recapitulacións e contraste de ideas, presentación de conclusións en público,...), á marxe das posibles recapitulacións que de xeito “maxistral” faga o profesorado.
- Por último, favoreceremos que non exista unha separación entre os traballos de clase, e outros, como a participación en proxectos de dinamización lingüística, participación en clubs de lectura, etc. pois aínda que representan lugares e tempos diferentes, procuraremos que exista unha clara interrelación baseada nunha unidade dos contidos.

Por un lado, a acumulación de experiencias de traballo individual vai dotando ao alumnado de autonomía e sentido crítico persoal, preparándoo así para enfrontarse a retos persoais na vida activa e adulta.

Paralelamente, a resolución de tarefas en grupo faculta para integrarse nunha sociedade na que a participación constitúe a base da democracia e da resolución de problemas complexos que afectan á humanidade. Ademais permítenos ao profesorado cambiar o rol de alguén que instrúe a alguén que orienta ou presenta oportunidades para aprender.

## 5.5. TEMPORALIZACIÓN

Xa expuxemos máis arriba a previsión temporal para desenvolver cada un dos cinco bloques de contidos de cada curso, e o número de sesións que dedicaremos a cada bloque. Esta temporalización, que aparece na programación específica de cada curso, é aproximada, de maneira que cada docente poderá combinar e/ou agrupar sesións en función das especificidades ou necesidades que presente cada grupo de alumnado e tamén en función da organización das actividades e/ou da metodoloxía empregada.

## 5.6. AXUSTES METODOLÓXICOS CAUSADOS POLA SITUACIÓN SANITARIA.

As estratexias metodolóxicas expostas ata aquí responden a un ensino presencial, que desde o Departamento cremos absolutamente necesario para que manteña a súa calidade e respecte o principio de igualdade de oportunidades para todo o alumnado; con todo, se as circunstancias sanitarias impostas pola Covid-19 obrigasen a un ensino semipresencial ou un ensino virtual, contémpanse algún axustes e/ou modificacións.

- En calquera dos dous casos (tanto ensino semipresencial como virtual), manteríase a organización e secuenciación de contidos, procurando simplificalos ao máximo e reducíndoos aos contidos mínimos esixibles; en consecuencia, e como se verá no apartado correspondente, isto afectará tamén á avaliación dos mesmos.
- A temporalización feita para cada nivel tamén se axustará en función de como evolucione a situación sanitaria e das necesidades que se detecten en cada grupo-clase: facilidades na comunicación co alumnado, situación persoal-laboral das familias, do propio profesorado, etc.
- En canto ás actividades, procuraremos que manteñan as súas características (globalizadoras, motivadoras, respectuosas coa diversidade, relacionadas cos distintos contextos comunicativos, que potencien o emprego eficaz e correcto da lingua...), pero variará significativamente o traballo de aula e os contextos de aprendizaxe:
  - Se o ensino pasase a ser virtual na súa totalidade, procuraremos seguir as pautas de traballo sinaladas arriba porque son as que garanten, para nós, unha aprendizaxe significativa, pero farase botando man das ferramentas dixitais de que dispomos, preferentemente a Aula Virtual do centro. Respetarase, na medida do posible, o horario de clase de cada grupo, co que nos reuniremos virtualmente a través da plataforma ofrecida pola Consellería de Educación, e trataremos de crear un clima de traballo serio, eficaz, e ao mesmo tempo agradable, que nos permita avanzar.

- No caso de irmos a un ensino semipresencial, aproveitaríanse os días de presenza do alumnado na aula física para explicar os principais contidos conceptuais, resolver dúbidas ou dificultades e poñer en común e/ou corrixir tarefas, así como realizar algunhas actividades de síntese, como a recapitulación do aprendido; polo tanto, o alumnado realizaría individualmente e/ou na clase telemática as demais actividades: lectura e comentario de textos; produción de textos e ou traballos de creación propia; busca de información; realización de exercicios...
- En calquera dos dous casos, as actividades serán preferentemente individuais, e só serán en grupo cando o alumnado poida interactuar de maneira virtual.

A experiencia vivida no último trimestre do curso 2019/2020 amosounos as graves dificultades que supón un ensino virtual: alumnado sen posibilidades de comunicarse regularmente, sen motivación, con dificultades de aprendizaxe incrementadas, sen a suficiente autonomía para o traballo individual...; todo iso sen falar das graves consecuencias que pode supor, a nivel persoal, a desaparición da vida escolar: a deterioración das habilidades sociais, a perda de sentimento de pertenza a un grupo, o abandono de hábitos saudables, entre outras. Estas dificultades sabemos que afectarán ao proceso de ensino-aprendizaxe da nosa área, polo que introduciremos os axustes necesarios, tanto individuais como colectivos, para tratar de superalas. Tanto as dificultades que xurdan como as modificacións establecidas para palialas figurarán nas actas do noso Departamento e na *Memoria* final do presente curso.

Ademais, no caso de que algunha persoa, por distintas razóns, non conte con medios para recibir un ensino telemático, comunicáraselle esta situación ao titor e á Dirección do centro que será quen, coa axuda da Consellería de Educación, arbitre as medidas pertinentes para dotar a ese alumno ou alumna dos medios necesarios que garantan o seu dereito á educación.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

### **6.1. LIBROS DE TEXTO.**

Os libros de texto do alumnado para a área de Lingua Galega e Literatura dos diferentes niveis son:

- DÍAZ NÚÑEZ, D. e SEIXO PASTOR, M.: ESO 1. Lingua galega e literatura. Anaya.
- DÍAZ NÚÑEZ, D. e SEIXO PASTOR, M.: ESO 2. Lingua galega e literatura. Anaya.
- DÍAZ NÚÑEZ, D. e SEIXO PASTOR, M.: ESO 3. Lingua galega e literatura. Anaya.
- DÍAZ NÚÑEZ, D. e SEIXO PASTOR, M.: ESO 4. Lingua galega e literatura. Anaya.
- IGLESIAS ÁLVAREZ, Ana e outros: Lingua e literatura. 1º Bacharelato. Ed. Xerais.
- IGLESIAS ÁLVAREZ, Ana e outros: Lingua e literatura. 2º Bacharelato. Ed. Xerais.

### **6.2. LIBROS DE LECTURA.**

En canto aos libros de lectura, haberá unha lectura obrigatoria por trimestre, que pode escollerse entre dúas opcións, agás en 2º de BACH., onde o alumnado elixirá unha de tres propostas; ademais, ofrécese un listado de lecturas voluntarias en todos os niveis, que os alumnos poderán ler e que se lles terán en conta sumando ata un máximo de 0,5 puntos á nota final de avaliación.

► 2º BACHARELATO

● **Lecturas obrigatorias** (para escoller unha por avaliación):

1ª avaliación:

ARIAS CHACHERO, P. (ed.): *Antoloxía escolar da Época Nós*. Galaxia.

2ª avaliación:

CASARES, Carlos: *O sol do verán*. Galaxia.

BLANCO AMOR, Eduardo: *A Esmorga*. Galaxia.

MÉNDEZ FERRÍN, X.L.: *Arraianos*. Xerais.

3ª avaliación:

DÁVILA, Berta: *O derradeiro libro de Emma Olsen*. Galaxia.

YÁÑEZ, Antía: *Senlleiras*. Galaxia.

CAAMAÑO, Begoña: *Morgana en Esmelle*. Galaxia

● **Lecturas optativas:**

CUNQUEIRO, Á.: *Se o vello Simbad volvese ás illas*. Galaxia.

TORRES, X.: *Adiós, María*. Galaxia.

AMEIXEIRAS, Diego: *Conduce rápido*. Xerais.

DE TORO, Suso: *Un señor elegante*. Xerais.

P. LORENZO, Fran: *Cabalos e lobos*. Xerais.

REIMÓNDEZ, María: *O club da calceta*. Xerais.

RIVAS, M.: *As voces baixas*, Xerais.

RIVEIRO COELLO, A.: *O paraíso dos inocentes*, Galaxia.

► 1º BACHARELATO

● **Lecturas obrigatorias** (para escoller unha por avaliación cando hai dúas opcións).

1ª avaliación:

CABANA, Darío Xohán: *Galván en Saor*. Xerais.

COSTAS, Leticia: *Un animal chamado néboa*. Xerais.

2ª avaliación:

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H. (ed.) *Rosalía feminista*. Xerais.

3ª avaliación:

CARRODEGUAS, E. : *Malcriada*, Edicións Positivas.

NÚÑEZ SINGALA, Manuel: *Instrucións para tomar café*. Galaxia.

● **Lecturas optativas**

ANEIROS, Rosa: *Resistencia*. Xerais.

ALONSO, Xulia: *Futuro imperfecto*. Galaxia

LOPO, Antón: *Extraordinario*. Xerais.

FEIJOO, Pedro: *A memoria da choiva*. Xerais

PORTAS, Manuel: *Por puntos*. Galaxia

MARIÑO, Xurxo: *Terra. Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo*. Xerais.



ALONSO, Álex: *Tempo de bebidas isotónicas e de fast-food*. Xerais.  
DE TORO, Suso. *Polaroid*. Xerais.

#### ► 4º ESO

##### ● Lecturas obrigatorias (a escoller unha por avaliación):

1ª avaliación:

Eva Mejuto: *Memoria do silencio*, Xerais.

MACEIRAS, Andrea: *Europa express*. Xerais

2ª avaliación:

ALONSO, Fran. *Poetízate*. Xerais

3ª avaliación:

Antonio M. Fraga: *Santoamaro*, Xerais

Manuel Núñez Singala: *Comedia bífida*. Galaxia

##### ● Lecturas optativas

FERNÁNDEZ PAZ, A.: *O único que queda é o amor*. Xerais.

VILLAR, D.: *Ollos de auga*. Galaxia.

ALEIXANDRE, Marilar: *A cabeza de medusa*. Xerais.

ALONSO, Fran: *Silencio*. Xerais.

MIRANDA, Xosé: *As mans do medo*. Xerais.

FERREIRO, CELSO EMILIO, *Longa noite de pedra*. Xerais.

O LEO ARREMECAGHONA: *Hai cu*. Xerais..

NEGRO ROMERO, Carlos: *Aplicación instantánea*. Xerais.

#### ► 3º ESO

##### ● Lecturas obrigatorias (para escoller unha por avaliación)

1ª avaliación :

COSTAS Leticia: *Corazón de Xúpiter*. Xerais

MEJUTO, Eva: *22 segundos*. Xerais

2ª avaliación:

MACEIRAS, Andrea: *O que sei do silencio*. Xerais.

MOURE, Teresa: *Unha primavera para Aldara*. Xerais.

3ª avaliación

CAJARAVILLE, Héctor: *A caixiña dos rancores*. Xerais.

NEGRO, C.: *Non cantan paxaros neste bosque*. Xerais.

##### ● Lecturas optativas

FERNÁNDEZ FERREIRO, X. *Agosto do 36*. Xerais.

NEIRA CRUZ, X. A.: *O armiño dorme*. Xerais.

MISA, Iria: *Xa non estou aquí*. Xerais.

LOURENZO GONZÁLEZ, Manuel: *Irmán do vento*. Xerais.

LOURENZO GONZÁLEZ, Manuel: *Flor de area*. Xerais

CIMADEVILA, Fdo.: *O mundo secreto de Basilius Hofman* (saga). Urco Edicións.  
YÁÑEZ, María: *Be water*. Cuarto de Inverno.  
FRAGA, A. Manuel: *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*. Urco Editora.

## ► 2º ESO

### • Lecturas obrigatorias (a escoller unha por avaliación)

1ª avaliación:

MIRANDA, Xosé: *Pel de lobo*. Xerais  
María Solar: *Os nenos da varíola*. Galaxia

2ª avaliación:

SANDE, María: *O faro escuro*. Editorial Galaxia  
FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: *Corredores de sombra*. Xerais.

3ª avaliación:

P. DOCAMPO, Xabier: *Cando petan na porta pola noite*. Xerais.  
NEGRO, Carlos: *Makinaria*. Xerais.

### • Lecturas optativas:

CARIDE, R.: *Perigo vexetal*. Xerais.  
NEIRA VILAS, Xosé: *Cartas a Lelo*. Ed. do Castro.  
CALO, Teresa: *Marta ante o espello*. Xerais.  
CALVEIRO, Marcos: *Todos somos*. Xerais.  
CALVEIRO, Marcos: *Todos fomos*. Xerais.  
NÚÑEZ SINGALA, M: *Atranco no banco*, Galaxia.  
NEGRO ROMERO, C.: *Penúltimas tendencias*. Xerais.

## ► 1º ESO

### • Lecturas obrigatorias (escollerase unha, agás na 1ª avaliación, que se lerán as dúas obras na aula).

1ª avaliación:

NÚÑEZ SINGALA, Manuel: *O achado do castro*. Sotelo Blanco.  
ALONSO, Fran: *Street poems*. Xerais.

2ª avaliación:

CASTRO, Fco.: *Chamádeme Simbad*. Galaxia.  
YÁÑEZ, Antía: *A folla azul*. Xerais.

3ª avaliación:

ALONSO DIZ, M. A. *Música no faiado*. Xerais.  
LABRAÑA, Carlos: *Contra o reloxo*. Galaxia.

### • Lecturas optativas:

CARREIRO/ SEGURA: *Xoeliqui. As aventuras dun ciberpirata*. Sotelo Blanco.  
CARREIRO/ SEGURA: *Xoeliqui. O grande apagamento*. Sotelo Blanco.  
FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: *Contos por palabras*. Xerais.

LOURENZO GONZÁLEZ, Manuel: *Tanis I o mocos*. Xerais.  
RIVAS, Manuel: *Bala perdida*. Alfaguara.  
RIBEIRO TOBIO, Elvira: *Palabras brancas*. Xerais.  
REIMÓNDEZ, María: *Usha*. Xerais.  
GONZÁLEZ COSTA, Teresa: *A filla do ladrón de bicicletas*. Xerais.  
DÁVILA, Berta: *A pel do mundo*. Galaxia.

### 6.3. OUTROS MATERIAIS.

Ademais do anterior, contaremos con todos os recursos que poidan contribuír a unha aprendizaxe significativa para o alumnado. Neste sentido citaremos os seguintes:

- Os recursos fotocopiáveis que recollan lecturas complementarias; actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e propostas de traballo para adaptacións curriculares.
- A web do profesorado, do alumnado e da familia das editoriais Xerais e Anaya.
- A biblioteca do centro.
- Todos os recursos que se poidan obter coas TIC: páxinas web, blogs, audios, vídeos... que conteñen exercicios, actividades, e/ou propostas para buscar información, selecciónala, analizala e extraer as conclusións pertinentes.
- Presentacións cos mapas conceptuais dos contidos que vaian ser presentados ou revisados para a súa posterior avaliación.
- Arquivos de audio e vídeo para traballar a comprensión e expresión oral e/ou escrita
- Normas ortográficas e dicionarios en rede.
- Prensa e publicacións dixitais de todo tipo.
- Bibliotecas virtuais.

Este curso fomentaremos aínda máis o uso dos recursos dixitais, co fin de que o alumnado consiga dominar o seu uso, o que sería imprescindible nunha situación de ensino non presencial. No caso das lecturas, a comezo de curso elaborárase unha guía para o alumnado con información sobre as *webs* das editoriais e das principais bibliotecas virtuais nas que poden mercar ou recibir en préstamo os libros que precisen.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### 7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación, dentro do proceso de ensino-aprendizaxe tal e como o concibimos, está destinada basicamente a medir o seu bo funcionamento, a súa eficacia. Polo tanto, deberá cumprir dúas funcións: corrixir e/ou axustar a propia programación e verificar o grao de consecución dos obxectivos, competencias e estándares de aprendizaxe por parte do alumnado. Para tal fin, deberá estar integrada no propio proceso de ensino-aprendizaxe, polo que distinguiremos tres pasos ou momentos distintos pero complementarios:

- **Avaliación inicial:** Realízase a comezo de curso, dun bloque o dunha unidade didáctica coa finalidade de coñecer que sabe e como o sabe o alumnado, para así adecuar as intencións aos seus coñecementos previos e necesidades
- **Avaliación formativa:** Serve para regular o proceso e introducir o axustes que en cada momento consideremos oportunos.
- **Avaliación sumativa** (ou final): confirma se se conseguiron os obxectivos propostos se acadaron as competencias e dela derívase a cualificación final e/ou a proposta de promoción ou non de cada alumno

A nosa avaliación terá, polo tanto, os seguintes trazos:

- Non nos limitaremos a cualificar e empregaremos, sempre que sexa posible, enfoques cualitativos e personalizados mediante a observación do alumnado.
- Tal e como aparece reflectido nesta programación e para cada nivel, empregaremos procedementos axeitados e variados: actividades e exercicios, traballos escritos (a man ou en soporte informático), caderno de clase, probas orais e escritas relacionadas coas competencias, probas orais e escritas sobre as lecturas, exposicións orais, a actitude e traballo persoal, etc; e o mesmo ocorre cos instrumentos: observación directa na aula, rúbricas, indicadores de logro, etc.
- Será continua, no sentido de interrelacionar conceptos, procedementos, actitudes e competencias, tanto ao inicio como ao final do proceso de aprendizaxe.
- É un proceso que nos permite retroalimentarnos e autoavaliarnos a nós e ao noso alumnado.

## **7.2. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

Tal e como se sinalou máis arriba, na primeiras semanas de curso realizaremos unha avaliación inicial que tomaremos como punto de partida para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que sexan necesarias para cada alumna ou alumno.

Para a realización desta avaliación utilizaremos os seguintes procedementos e instrumentos:

- Analizaranse os informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Fixaremos, tendo en conta a *Memoria* final de curso, as aprendizaxes imprescindibles do curso 2020-2021 que o alumnado non puido adquirir por distintas circunstancias.
- Terase en conta a información proporcionada polo profesorado de cursos anteriores e titores, así como a achegada polo Departamento de Orientación sobre o alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Realizarase unha proba escrita para saber os coñecementos previos do alumnado, o seu grao de desenvolvemento das competencias clave e a súa situación persoal no curso que comeza.

Nesta proba poderanse utilizar os seguintes criterios de avaliación:

- Valoración da comprensión lectora (comprender as ideas fundamentais dun texto e resumilo).
- Valoración da expresión escrita (redactar un texto, do tipo que se indique, adecuado, coherente, ben cohesionado e ortograficamente correcto).
- Valoración dos coñecementos sobre funcionamento da lingua (localizar clases de palabras, definir vocábulos e expresións, etc.)
- Apreciación dos seus coñecementos sobre a situación social de lingua e sobre o seu interese polas expresións culturais en que se manifesta (interpretar un poema, relacionalo co momento histórico en que se creou, etc...)
- Valoración da situación emocional e disposición para o estudo no curso que comeza (o texto de redacción pode servir tamén para facer esta valoración).

Con base nos datos obtidos nesta avaliación inicial, e tendo en conta que todo o alumnado debería poder lograr un bo desenvolvemento das súas competencias e conseguir os obxectivos da etapa, segundo os resultados acadados, seguiranse algunhas destas estratexias:

- Acordar co resto do profesorado, en especial co das linguas, medidas de reforzo conxuntas.
- Informar á familia para que colabore na execución desas medidas.

- Entrevistarse co alumnado para que se implique no seu progreso e colabore para mellorar a súa aprendizaxe.
- Propor tarefas de reforzo, individuais ou grupais, para tratar de resolver os problemas de aprendizaxe que se presenten.
- Adecuar a metodoloxía e os procedementos de avaliación á diversidade que hai na aula; polo tanto, adaptaranse os traballos, tarefas, actividades, probas... ás necesidades do alumnado; como resultado, tamén se adecuarán os criterios de cualificación.
- Esixirase, contando coa colaboración das familias, uns hábitos de traballo axeitados para conseguir un mellor rendemento.

### 7.3. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

#### 7.3.1. 1º ESO

A nota de cada avaliación acharase a partir dos seguintes parámetros:

- As **probas escritas** puntuarán o **60%** da nota (**6 puntos**). Haberá unha ou dúas probas escritas por avaliación, dependendo das características que presente cada grupo-clase e as circunstancias reais en que se desenvolva o proceso de ensino-aprendizaxe. A nota media mínima dos dous exames para sumarse ao resto das notas da avaliación será un 4 sobre 10. Para superar estas probas, cómpre contestar minimamente e con coherencia a todos os bloques que as integren na porcentaxe que o profesorado estime.
- **Oralidade.** Valorarase o uso da lingua galega cun **15%** da nota da avaliación (**1,5 puntos**). Como a lingua vehicular é a galega, nos casos en que existan dificultades valorarase o esforzo e o progreso. Utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación: unha exposición e/ou unha proba específica, que valore a súa competencia oral (**1 punto**), e un rexistro de observación diaria na aula (**0,50 puntos**).
- **Traballos e outras actividades. 10% da nota (1 punto).** Neste caso a puntuación obterase tendo en conta os resultados obtidos nas tarefas individuais, nos deberes, nos traballos puntuais encomendados e no caderno atendendo aos seguintes ítems:
  - **Cadernos (0,25 puntos).** Os cadernos deberán estar ordenados, limpos e coas tarefas feitas e corrixidas. Poderán revisarse sen aviso previo.
  - **Tarefas individuais, deberes e traballos puntuais encomendados (0,75 puntos).**
- **Actitudes. 5% da nota (0,5 puntos).** O alumnado poderá obter ata 0,5 puntos dependendo do grao de cumprimento dos seguintes ítems:
  - Respecta ao profesor e aos compañeiros. (0,1)
  - Trae os materiais necesarios para a clase.(0,1)
  - Non entorpece e interrompe o desenvolvemento da clase.(0,1)
  - Atende ás explicacións do profesor ou profesora. (0,1)
  - Realiza as tarefas de aula cando se lle solicita (0,1)
- **Libro de lectura: 10% (1 punto).** Será avaliado cun exame ou cun traballo. O alumnado poderá ler algún dos libros marcados como optativos, o que se valorará ata o 0,5 puntos na nota final da avaliación.

**A cualificación das tarefas escritas (probos de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc.) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.**

**En caso de que se comprobe que houbo copia ou plaxio en calquera proba ou tarefa, esta será cualificada cun cero (0 puntos).**

**A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).**

**A nota mínima de cada avaliación, para facer media de avaliacións, será CATRO (4).**

**As notas medias faranse, sempre, a partir das notas numéricas reais, non das notas redondeadas en boletíns.**

### AVALIACIÓN ORDINARIA

En cada avaliación, o alumnado terá oportunidade de facer unha proba de recuperación, e á nota obtida na proba escrita sumaráselle as dos demais parámetros.

Na avaliación ordinaria de xuño, poderase recuperar de novo unha avaliación ou todo o curso. Para os que recuperen un trimestre, a nota mínima da proba para aprobar será un CATRO (4) e sumarase á dos demais parámetros, mentres que os que fagan exame global deberán ter como mínimo un CINCO (5) para aprobar a materia e a nota obtida será a nota do curso.

### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Consistirá nun exame global con preguntas teóricas e prácticas sobre os contidos mínimos establecidos para este nivel na que deberá obter un CINCO (5 puntos).

#### **7.3.2. 2º ESO**

A nota de cada avaliación acharase a partir dos seguintes parámetros:

- As **probas escritas** puntuarán o **60%** da nota (**6 puntos**). Haberá unha ou dúas probas escritas por avaliación, dependendo das características que presente cada grupo-clase e as circunstancias reais en que se desenvolva o proceso de ensino-aprendizaxe. A nota media mínima dos dous exames para sumarse ao resto das notas da avaliación será un 4 sobre 10. Para superar estas probas, cómpre contestar minimamente e con coherencia a todos os bloques que as integren na porcentaxe que o profesorado estime.
- **Oralidade.** Valorarase o uso da lingua galega cun **15%** da nota da avaliación (**1,5 puntos**). Como a lingua vehicular é a galega, nos casos en que existan dificultades valorarase o esforzo e o progreso. Utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación: unha exposición e/ou unha proba específica, que valore a súa competencia oral (**1 punto**) e un rexistro de observación diaria na aula (**0,50 puntos**).
- **Traballos e outras actividades. 10% da nota (1 punto).** Neste caso a puntuación obterase tendo en conta os resultados obtidos nas tarefas individuais, nos deberes, nos traballos puntuais encomendados e no caderno atendendo aos seguintes ítems:
  - **Cadernos (0,25 puntos).** Os cadernos deberán estar ordenados, limpos e coas tarefas feitas e corrixidas. Poderán revisarse sen aviso previo.
  - **Tarefas individuais, deberes e traballos puntuais encomendados (0,75 puntos).**
- **Actitudes. 5% da nota (0,5 puntos).** O alumnado poderá obter ata 0,5 puntos dependendo do grao de cumprimento dos seguintes ítems:
  - Respecta ao profesor e aos compañeiros. (0,1)
  - Trae os materiais necesarios para a clase.(0,1)
  - Non entorpece e interrompe o desenvolvemento da clase.(0,1)
  - Atende ás explicacións do profesor ou profesora. (0,1)
  - Realiza as tarefas de aula cando se lle solicita (0,1)

- **Libro de lectura: 10% (1 punto).** É imprescindible a lectura do libro marcado en cada avaliación. Será avaliado cun exame ou cun traballo. O alumnado poderá ler algún dos libros marcados como optativos, o que se valorará ata o 0,5 puntos na nota final da avaliación.

A cualificación das tarefas escritas (probos de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc.) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.

En caso de que se comprobe que houbo copia ou plaxio en calquera proba ou tarefa, esta será cualificada cun cero (0 puntos).

A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).

A nota mínima de cada avaliación, para facer media de avaliacións, será CATRO (4).

As notas medias faranse, sempre, a partir das notas numéricas reais, non das notas redondeadas en boletíns.

#### AVALIACIÓN ORDINARIA

O alumno terá oportunidade de facer unha proba de recuperación de cada avaliación, e á nota obtida na proba escrita sumaráselle as dos demais parámetros.

Na recuperación global de xuño, o alumnado poderá recuperar de novo unha avaliación ou todo o curso. Para os que recuperen un trimestre, a nota mínima para aprobar será un CATRO (4) e sumarase á dos demais parámetros, mentres que os que fagan exame global deberán ter como mínimo un CINCO (5) para aprobar a materia e a nota obtida será a nota do curso.

#### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Consistirá nun exame global con preguntas teóricas e prácticas sobre os contidos mínimos establecidos para este nivel no que se deberá obter un CINCO (5 puntos).

### 7.3.3. 3º ESO

A nota de cada avaliación acharase a partir dos seguintes parámetros:

- As **probos escritas** puntuarán o 70% da nota (**7 puntos**). Haberá un ou dous exames por avaliación. Se o profesorado o considera oportuno, poderá incluír parte dos contidos nun ou varios traballos de investigación; nese caso os **traballos** terán un valor **máximo de 1 punto**, e o/s exame/s o 60% (6 puntos). A nota media deste apartado será como mínimo de 4 puntos sobre 10 para poder sumarse ás dos demais parámetros. Ademais, para superar as probas cómpre contestar minimamente e con coherencia a todos os bloques que as integren na porcentaxe que o profesorado estime.
- **Oralidade.** Valorarase o uso da lingua galega cun 10% da nota da avaliación (**1 punto**). Como a lingua vehicular é a galega nos casos que existan dificultades valorarase o esforzo e o progreso. Utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación: unha exposición oral ou algunha proba que valore a súa competencia oral (**0,80 puntos**) e un rexistro de observación diaria na aula (**0,20 puntos**).
- **Libro de lectura.** Suporá un 10% da cualificación global (**1 punto**). É imprescindible a lectura do libro marcado en cada avaliación, que será avaliado cun exame ou cun traballo. O alumnado poderá ler, ademais, algún dos libros marcados como optativos, o que se valorará ata 0,5 puntos na nota final da avaliación.

- **Comentario de textos: 5% (0,5 puntos).** O alumnado realizará unha ou dúas probas específicas de análise e/ou comentario de diferentes tipos de texto.
- **Actitudes: 5% (0,5 puntos).** O alumnado poderá obter ata 0,5 puntos dependendo do grao de cumprimento dos seguintes ítems:
  - Respecta ao profesor e aos compañeiros. (0,1)
  - Trae os materiais necesarios para a clase.(0,1)
  - Non entorpece e interrompe o desenvolvemento da clase.(0,1)
  - Atende ás explicacións do profesor ou profesora. (0,1)
  - Realiza as tarefas que se lle solicitan (0,1)

**A cualificación das tarefas escritas (probas de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc.) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.**

**En caso de que se comprobe que houbo copia ou plaxio en calquera proba ou tarefa, esta será cualificada cun cero (0 puntos).**

**A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).**

**A nota mínima de cada avaliación, para facer media de avaliacións, será CATRO (4).**

**As notas medias faranse, sempre, a partir das notas numéricas reais, non das notas redondeadas en boletíns.**

#### AVALIACIÓN ORDINARIA

En cada avaliación, o alumnado terá oportunidade de facer unha proba de recuperación, e á nota obtida na proba escrita sumaráselle as dos demais parámetros.

Na recuperación global de xuño, o alumnado poderá recuperar de novo unha avaliación ou todo o curso. Para os que recuperen un trimestre, a nota mínima para aprobar será un CATRO (4) e sumarase á dos demais parámetros, mentres que os que fagan exame global deberán ter como mínimo un CINCO (5) para aprobar a materia e esa será a nota final obtida.

#### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Consistirá nun exame global con preguntas teóricas e prácticas sobre os contidos mínimos establecidos para este nivel, na que deberá obter un CINCO (5 puntos).

#### **7.3.4. 4º ESO**

A nota de cada avaliación acharase a partir dos seguintes parámetros:

- As **probas escritas** puntuarán o 70% da nota (**7 puntos**). Haberá un ou dous exames por avaliación. Se o profesorado o considera oportuno, poderá incluír parte dos contidos nun ou varios traballos de investigación; nese caso os **traballos** terán un valor **máximo de 1 punto**, e o/s exame/s o 60% (6 puntos). A nota media deste apartado será como mínimo de 4 puntos sobre 10 para poder sumarse ás dos demais parámetros. Ademais, para superar as probas cómpre contestar minimamente e con coherencia a todos os bloques que as integren na porcentaxe que o profesorado estime.



- **Oralidade.** Valorarase o uso da lingua galega cun 10% da nota da avaliación (**1 punto**). Como a lingua vehicular é a galega nos casos que existan dificultades valorarase o esforzo e o progreso. Utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación: unha exposición e/ou unha proba específica, que valore a súa competencia oral (**0,80 puntos**) e un rexistro de observación diaria na aula (**0,20 puntos**).
- **Libro de lectura.** Suporá un 10% da cualificación global (**1 punto**). É imprescindible a lectura do libro marcado en cada avaliación, que será avaliado cun exame ou cun traballo. O alumnado poderá ler, ademais, algún dos libros marcados como optativos, o que se valorará ata 0,5 puntos na nota final da avaliación.
- **Comentario de textos:** 5 % (**0,5 puntos**). O alumnado realizará unha ou dúas probas específicas de análise e/ou comentario de diferentes tipos de texto.
- **Actitudes:** 5% (**0,5 puntos**). O alumnado poderá obter ata 0,5 puntos dependendo do grao de cumprimento dos seguintes ítems:
  - Respecta ao profesor e aos compañeiros. (0,1)
  - Trae os materiais necesarios para a clase.(0,1)
  - Non entorpece e interrompe o desenvolvemento da clase.(0,1)
  - Atende ás explicacións do profesor ou profesora. (0,1)
  - Realiza as tarefas que se lle solicitan (0,1)

**A cualificación das tarefas escritas (probas de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc.) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.**

**En caso de que se comprobe que houbo copia ou plaxio en calquera proba ou tarefa, esta será cualificada cun cero (0 puntos).**

**A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).**

**A nota mínima de cada avaliación, para facer media de avaliacións, será CATRO (4).**

**As notas medias faranse, sempre, a partir das notas numéricas reais, non das notas redondeadas en boletíns.**

### AVALIACIÓN ORDINARIA

En cada avaliación, o alumno terá oportunidade de facer unha proba de recuperación, e á nota obtida na proba escrita sumaráselle as dos demais parámetros.

Na recuperación global de xuño, o alumnado poderá recuperar de novo unha avaliación ou todo o curso. Para os que recuperen un trimestre, a nota mínima para aprobar será un CATRO (4) e sumarase á dos demais parámetros, mentres que os que fagan exame global deberán ter como mínimo un CINCO (5) para aprobar a materia e esta será a nota final da materia.

### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Consistirá nun exame global con cuestións teóricas e prácticas sobre os contidos mínimos establecidos para este nivel, na que deberá obter un CINCO (5 puntos).

### 7.3.5. 1º BACHARELATO

A nota de cada avaliación acharase a partir dos seguintes parámetros:

- As **probas escritas** puntuarán o 70% da nota (7 puntos). Haberá unha proba escrita por avaliación. Se o profesorado o considera oportuno, poderá incluír parte dos contidos nun ou varios traballos de investigación; nese caso, os traballos terán un valor máximo de 1 punto (10%), e o/s exame/s o 60% (6 puntos). A nota media deste apartado será como mínimo de 4 puntos sobre 10 para poder sumarse ás dos demais parámetros. Ademais, para superar as probas cómpre contestar minimamente e con coherencia a todos os bloques que as integren na porcentaxe que o profesorado estime.
- **Oralidade.** Valorarase o uso da lingua galega cun 10% da nota da avaliación (1 punto). Como a lingua vehicular é a galega nos casos que existan dificultades valorarase o esforzo e o progreso. Utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación: unha exposición oral ou unha proba específica, que valore a súa competencia oral (0,80 puntos), e un rexistro de observación diaria na aula (0,20 puntos).
- **Libro de lectura.** Suporá un 10% da cualificación global (1 punto). Será avaliado cun exame ou cun traballo. O alumnado poderá ler, ademais, algún dos libros marcados como optativos, o que se valorará ata 0,5 puntos na nota final da avaliación.
- **Comentario de textos:** 10% (0,5 puntos). O alumnado realizará unha ou dúas probas de análise e/ou comentario de diferentes tipos de texto.
- **Actitudes:** 5% (0,5 puntos). O alumnado poderá obter ata 0,5 puntos dependendo do grao de cumprimento dos seguintes ítems:
  - Respecta ao profesor e aos compañeiros. (0,1)
  - Trae os materiais necesarios para a clase.(0,1)
  - Non entorpece e interrompe o desenvolvemento da clase.(0,1)
  - Atende ás explicacións do profesor ou profesora. (0,1)
  - Realiza as tarefas que se lle solicitan (0,1)

**A cualificación das tarefas escritas (probos de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc.,) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.**

**En caso de que se comprobe que houbo copia ou plaxio en calquera proba ou tarefa, esta será cualificada cun cero (0 puntos).**

**A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).**

**A nota mínima de cada avaliación, para facer media de avaliacións, será CATRO (4).**

**As notas medias faranse, sempre, a partir das notas numéricas reais, non das notas redondeadas en boletíns.**

#### AVALIACIÓN ORDINARIA

Cada avaliación, o alumnado terá oportunidade de facer unha proba de recuperación, e á nota obtida na proba escrita sumaráselle as dos demais parámetros.

Na recuperación global de xuño, o alumnado poderá recuperar de novo unha avaliación ou todo o curso. Para os que recuperen un trimestre, a nota mínima para aprobar será un CATRO (4) e sumarase á dos demais parámetros, mentres que os que fagan exame global deberán ter como mínimo un CINCO (5) para aprobar a materia e esa será a nota final da materia.

## AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Consistirá nun exame global con preguntas teóricas e prácticas sobre os contidos mínimos establecidos para este nivel e cuestións sobre as lecturas non aprobadas durante o curso, na que deberá obter un CINCO (5 puntos).

### 7.3.6. 2º BACHARELATO

A nota de cada avaliación acharase a partir dos seguintes criterios:

- As **probas escritas** puntuarán o **70% da nota (7 puntos)**. Haberá unha proba escrita por avaliación. A nota mínima da proba escrita para facer media co resto das notas da avaliación será un CATRO (4).
- **Oralidade.** Valorarase a competencia oral en lingua galega cun **10% da nota da avaliación (1 punto)**: as **probas** específicas suporán o **80%** da nota deste apartado, e o **uso diario** da lingua o **20%**. Como a lingua vehicular é a galega, nos casos que existan dificultades valorarase e esforzo e o progreso a través da observación diaria na aula. No primeiro trimestre, o alumnado realizará unha exposición oral ou tarefa semellante, e no segundo e terceiro trimestre, un vídeo comentando unha das seguintes obras literarias :
  1. Estíbaliz Espinosa, *Curiosidade*
  2. Lois Pereiro, *Poesía última de amor e enfermidade*
  3. Lupe Gómez, *Camuflaxe*
  4. Lado, María: *Oso, mamá, si?*
  5. Emma Pedreira, *Libro das mentiras*
  6. Marta Dacosta, *Na casa da avoa*
  7. Olga Novo, *Feliz idade.*
  8. Tamara Andrés: *Irmá paxaro*, Cuarto de inverno.
  9. Iria Pinheiro e María Lado: *Uralita*, Cuarto de inverno.
  10. Jesús Castro Yáñez (escolma e tradución): *Campo de plumas. Poemas LGTB+ para a mocidade (desde a Antigüidade ata hoxe).*
- **Libro de lectura: 10% (1 punto)**. Será avaliado cun exame ou cun traballo. Ademais, o alumnado poderá ler algún dos libros marcados como optativos, o que se valorará ata cun máximo de 0,5 puntos na nota final da avaliación.
- **Comentarios de texto e outras actividades: 5% (0,5 puntos)**. O alumnado deberá realizar ao longo do trimestre comentario de diferentes tipos de texto e/ou outras actividades de análise ou elaboración de textos de distinta tipoloxía, polo que poderá obter ata 0,5 puntos.
- **Actitudes: 5% (0,5 puntos)**. O alumnado poderá obter ata 0,5 puntos dependendo do grao de cumprimento dos seguintes ítems:
  - Respecta ao profesor e aos compañeiros. (0,1)
  - Trae os materiais necesarios para a clase.(0,1)
  - Non entorpece e interrompe o desenvolvemento da clase.(0,1)
  - Atende ás explicacións do profesor ou profesora. (0,1)
  - Realiza as tarefas que se lle solicitan (0,1)

**A cualificación das tarefas escritas (probos de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc.) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.**

**En caso de que se comprobe que houbo copia ou plaxio en calquera proba ou tarefa, esta será cualificada cun cero (0 puntos).**

**A nota mínima do exame para facer media coas demais notas de cada avaliación será CATRO (4).**

**A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).**

**A nota mínima de cada avaliación para facer media coas outras avaliacións será CATRO (4).**

**As notas medias calcularanse sempre a partir das notas numéricas reais e non das notas redondeadas en boletíns.**

### AVALIACIÓN ORDINARIA

Na recuperación global de xuño, o alumnado poderá recuperar unha avaliación ou todo o curso. Para os que recuperen un trimestre, a nota mínima para aprobar será un CATRO (4) e sumarase á dos demais parámetros, mentres que os que fagan exame global deberán ter como mínimo un CINCO (5) para aprobar a materia.

### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Consistirá nun único exame global de toda a materia de 2º de Bacharelato, tendo que conseguir un CINCO (5) sobre 10 para obter o aprobado.

## 7.4. AXUSTES PARA UN ENSINO NON PRESENCIAL.

En caso de que sexa preciso abandonar o ensino presencial, manteranse os criterios de cualificación, pero axustaranse os procedementos e instrumentos de avaliación, que quedarán como segue:

- As probas escritas realizaranse as xornadas de presenza física na aula se o ensino fose semipresencial; en caso de ensino virtual, valorarase a plataforma máis axeitada para realizar probas e utilizaremos estratexias como dividir a proba en partes, establecer cuestións máis abertas ou máis pechadas segundo o caso, etc.
- A avaliación da oralidade non supón problema. Utilizariamos nos dous casos como procedemento arquivos de audio e vídeo sobre temas diversos, que se avaliarían mediante a rúbrica correspondente.
- Para a valoración das lecturas utilizaremos tamén arquivos de audio e vídeo ou probas orais, que poderán servir tamén para cualificar a oralidade.
- Os traballos de investigación, creación e os comentarios de texto entregaranse a través da aula virtual do centro e serán cualificados a través da correspondente rúbrica.
- En 1º e 2º de ESO, o apartado “Traballos e outras actividades” reducirá os ítems de valoración e quedará como segue:

*“A puntuación (1 punto) obterase tendo en conta os resultados obtidos nas tarefas e traballos puntuais encomendados de acordo cos seguintes ítems:*

*- Realización de tarefas encomendadas para a casa (0,50 puntos).*

*- Traballos de creación e/ou comentario de textos de distinto tipo, 1 punto, que se obterá da media aritmética do número de traballos entregados (entre dous e catro por trimestre)”.*

- Por último, modificaranse os ítems para cualificar as actitudes (0,5 puntos) en todos os niveis, que quedarían do seguinte xeito:
  - *Conéctase regularmente nas horas de clase virtual (0,1)*
  - *Está visible e coa actitude axeitada nas videoconferencias (0,1)*
  - *Colabora activamente no desenvolvemento das clases (0,1)*
  - *Mantén a comunicación e participa na actividade académica con regularidade (0,1)*

- *Envía os traballos/tarefas na forma e prazo axeitados (0,1).*

## 8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

A repetición dunha área ou materia pendente, que inicialmente tería como obxectivo recuperar o alumnado que non alcanza os coñecementos mínimos nela, convértese moitas veces nunha traba, polo que este Departamento pensa que o primeiro que debe facer é buscar as causas desa repetición e tratará de devolverlle a ese alumnado a autoestima e a confianza en si mesmo e ante o resto do grupo, ó mesmo tempo que seguirá moi de preto a súa evolución académica.

### ► Alumnado de ESO

As persoas de 2º, 3º e 4º ESO que teñan a materia pendente do curso anterior poderán superala a través das seguintes vías, que non se exclúen entre elas:

- Mediante unha **avaliación continuada que realizará o profesorado que imparta a materia no curso no que estea matriculado o alumno/a**. Cada profesor ou profesora, dentro dos grupos en que imparte clase, entregarlle ao alumnado coa materia pendente material de traballo, tomando como base os obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles indicados na correspondente programación de cada nivel. Este material estará dividido en dous bloques:
  - O primeiro entregarase a comezos de curso e recollerase aproximadamente no mes de xaneiro.
  - O segundo recibirao o alumnado en xaneiro e devolverao ao profesor aproximadamente en abril.

O alumnado realizará este traballo, supervisado periodicamente polo profesorado, quen lle dará finalmente unha nota. A nota media dos dous bloques, para considerar a materia superada, será de 5 puntos. A devandita cualificación seralle comunicada á xefa de departamento para que conste na acta de avaliación correspondente. Aquel alumnado que supere a materia por esta vía non terá que presentarse á proba final.

- En caso de non aprobar a materia a través da vía anterior, o alumnado poderá realizar a correspondente **proba final única establecida para o mes de maio**. No que se refire aos contidos mínimos esixibles, criterios de avaliación, etc., de cada nivel, remitimos ao establecido e indicado nesta programación para os respectivos cursos.

O alumnado que non supere a materia pendente na convocatoria de maio deberá presentarse á **avaliación extraordinaria**. Será unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos e aos mínimos esixibles traballados durante o curso. A nota mínima para aprobar a materia será 5 puntos.

### ► Alumnado de Bacharelato

O alumnado que pase a 2º Bacharelato coa materia pendente de 1º Bacharelato realizará un **exame no mes de xaneiro** con preguntas feitas sobre o libro de *Lingua galega e literatura* de 1º de Bacharelato co que se traballara no curso anterior e de acordo cos mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación que

aparecen nesta programación para 1º de Bacharelato. De ter un 5 (5 puntos) sobre 10, daráselle por aprobada a materia pendente.

De non ser o caso, no mes de abril/maio, nunha data marcada desde a Xefatura de Estudos, poderá presentarse a un segundo exame, cos mesmos requisitos que o primeiro, no que deberá obter ter un 5 (5 puntos) sobre 10, para superar a materia.

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE.

Para avaliar a nosa práctica docente, utilizaremos unha enquisa de avaliación docente que combina escalas de indicadores de logro con cuestións abertas, para permitirlle ao alumnado introducir aspectos sobre os que non é cuestionado e lle gustaría reflectir. As cuestións versan sobre tres aspectos:

- A actividade docente: planificación das clases, metodoloxía empregada, atención á diversidade, calidade da relación co alumnado...
- A propia área de lingua galega: apreciación ou non da súa utilidade, grao de dificultade, ensinanzas asimiladas...
- A avaliación: axustada ao programado, variedade de procedementos...

SOBRE O PROFESORADO E A SÚA ACTIVIDADE DOCENTE		
1.	O profesorado desta materia explica con claridade.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
2.	O profesorado é ordenado e sistemático nas súas exposicións.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
3.	É doado tomar apuntamentos con este profesorado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
4.	O profesorado amosa, coas súas explicacións, que preparou as clases.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
5.	O profesorado demostra un bo dominio da materia que explica.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
6.	O profesorado insiste nos aspectos máis importantes e nos de difícil comprensión.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
7.	O profesorado consegue manter a miña atención durante as clases.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
8.	O profesorado procura saber se entendemos o que explica.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
9.	O profesorado amósase disposto a axudar aos estudantes que teñen dificultades.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
10.	O trato persoal que recibín por parte do profesorado foi sempre correcto.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
11.	Non tería ningún reparo en ir pedir consello a este profesorado fóra de clase.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
12.	O profesorado ten un verdadeiro interese polo estudantado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
13.	Gustárame recibir clase outra vez con este profesorado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
<b>O que máis che gustou do profesorado e das súas clases:</b>		
<b>O que consideras que o profesorado debería cambiar ou mellorar:</b>		
<b>Nota media do profesorado (do 1 ao 10):</b>		
<b>Consideras de utilidade os materiais empregados? SI / NON</b>		
<b>Outros aspectos que queres facer constar sobre o profesorado:</b>		

SOBRE A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA		
14	Adquirín coñecementos e competencias útiles con esta materia.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
15	Aprendín e asimilei contidos ou competencias máis alá da aprendizaxe memorística.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>

16	O temario é accesible ao nivel do alumnado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
<b>Que consideras que foi o máis útil do traballado nesta materia?</b>		
<b>Que consideras que foi o menos útil do traballado nesta materia?</b>		
<b>SOBRE A AVALIACIÓN DA MATERIA</b>		
17	As probas de avaliación desta materia correspóndense co nivel explicado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
18	O método de avaliación é xusto.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
19	A corrección das probas escritas é axeitada.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
20	A cualificación obtida nesta materia axústase aos coñecementos demostrados.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
<b>Outros aspectos que queres facer constar:</b>		

Os resultados desta enquisa analizaranse a final de curso para tomar as medidas que corrixan as nosas debilidades e melloren o noso labor docente; os resultados quedarán reflectidos na *Memoria* de final de curso e as medidas correctoras na *Programación* do curso seguinte.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Entendemos que cada alumno é diferente aos demais atendendo aos seus coñecementos previos, experiencias, ritmo de traballo e aprendizaxe, etc., e todo isto afecta ao proceso de ensino-aprendizaxe, polo que debemos educar na diversidade e para a diversidade.

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión, na avaliación inicial habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada **grupo de alumnos** e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e aos aspectos competenciais.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos, se fose o caso.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Pero ademais, a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón tamén información acerca de diversos **aspectos individuais** dos nosos estudantes. A partir desta información:

- Identificaremos os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas especiais, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran

atención específica, adaptando as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación.

- Adoptaremos as medidas organizativas pertinentes: planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual...
- Estableceremos as medidas curriculares necesarias, como ACS (adaptación curricular significativa), e os recursos que se van empregar, así como o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Fixaremos o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Estableceremos a maneira de compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, en especial co titor.

## 11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

En primeiro lugar, contribuiremos ao Plan de Convivencia do noso centro colaborando coas súas directrices e tamén na coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia. Colaboraremos así mesmo nas actividades que fomenten a educación en valores promovidas desde Vicedirección, a ANPA, a Biblioteca escolar ou outros departamentos: Día Internacional contra a violencia de xénero, Día internacional da muller, Día da paz, Día dos dereitos humanos, Día Mundial do medio ambiente, etc.

Por outro lado, moitos dos contidos de lingua galega e literatura poden ser relacionados coa educación en valores.

### • **Educación moral e cívica**

- A tipoloxía textual, sobre todo a argumentación e a exposición, propiciarán a receptividade, o interese e o respecto polas opinións alleas expresadas a través da lingua oral e escrita. Tomar conciencia da importancia da arte de convencer para facilitar a convivencia.
- Lingua e sociedade: estes contidos axudarán a recoñecer a lingua galega como a propia de Galicia e valorar as linguas como produto das circunstancias históricas, políticas e culturais. Preténdese unha valoración xusta e equilibrada dos diversos pobos e culturas, evitando tópicos que atentan contra a dignidade humana. Mediante o respecto pola diversidade lingüística da Península acadaremos unha actitude de comprensión e tolerancia cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.

### • **Educación para a paz**

- A comunicación humana: a importancia fundamental que ten nas nosas vidas poder comunicarnos cos demais e romper todo tipo de barreiras a través da lingua.
- A lírica medieval galego-portuguesa: a convivencia lingüística entre ambos os territorios; neste período de progreso, riqueza e paz, os señores feudais puideron esquecer a guerra e dedicarse a outros mesteres máis relacionados co lecer e coa cultura.

### • **Educación para a saúde e a calidade de vida**

Nalgunhas actividades de reforzo de competencias así como a través de diversas lecturas ou textos orais, dentro dos bloques de comunicación oral e comunicación escrita, traballaranse contidos



relacionados coa saúde e a calidade de vida. Estes contidos adquirirán prioridade este curso dadas as circunstancias sanitarias en que se desenvolve.

- **Educación para a igualdade entre os sexos**

- A poesía lírica: expresa os sentimentos e emocións do/a poeta e ensínanos a valorar a dignidade persoal, a propia e a dos demais.
- A Rosalía «feminista»: os artigos xornalísticos, o *Conto gallego*, o prólogo de *Follas novas* (e a epígrafe «As viudas dos vivos e as viudas dos mortos») serven para proporcionar unha reflexión sobre a discriminación sexual.
- Diversas obras de lectura propostas polo departamento inciden na igualdade entre os sexos, a diversidade de xénero e outras cuestións relacionadas.

- **Educación ambiental**

- Moitas dos textos e obras literarias traballadas educan no respecto á natureza e a paisaxe que nos rodea como un patrimonio que debemos coidar e preservar, ademais dun elemento característico da nosa comunidade.
- Diversos textos e obras de lectura propostas polo departamento inciden tamén na educación ambiental.

- **Educación sexual**

- Interpretando o compoñente erótico das cantigas ou doutros poemas de temática amorosa.
- Diversas obras de lectura propostas polo departamento inciden na educación sexual.

- **Educación do consumidor**

O estudo dos medios de comunicación dá pé para espertar o espírito crítico ante as mensaxes que a publicidade emite.

- **Educación para o lecer**

Os temas de literatura, as lecturas na aula, as obras de lectura obrigatorias e voluntarias propostas polo profesorado, así como a participación en clubs de lectura, fomentan o hábito lector como fonte de pracer e como actividade gratificante e enriquecedora.

- **Educación Viaria**

Actividades específicas de léxico relacionadas coa educación viaria, así como a análise de textos xornalísticos informativos ou de opinión tratan esta temática.

- **Emprendemento**

Algunhas das actividades que favorecen o emprendemento dentro da nosa programación son: a participación en proxectos de clase ou do centro, en obradoiros de creación literaria, concursos literarios, no concurso radiofónico de teatro lido, no club de debate, etc.

No tratamento destes contidos, o profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo, dentro dos límites esixibles, do respecto á liberdade

de opinión dos/as alumnos/as e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade ou a solidariedade.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Concienciar ao alumnado das desigualdades de calquera tipo (económica, cultural, relixiosa, lingüística...) e da necesidade contribuír a cambialas dentro das súas posibilidades.
- Aprender a utilizar o diálogo como medio de resolución de todo tipo de conflitos
- Valorar a importancia e igualdade de dereitos de todas as linguas e dos seus falantes.
- Fomentar o interese por coñecer, respectar e valorar as culturas diferentes da nosa.
- Inculcar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.
- Fomentar o espírito crítico ante as actitudes discriminatorias coas mulleres, así como eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua.
- Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais
- Gozar con actividades de lecer enriquecedoras (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, móbiles, videoxogos...) de maneira responsábel e moderada.
- Preocuparse por estar informados do que ocorre na sociedade e ter unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.

## 12. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Ademais do traballo cos textos introdutorios de cada unidade dos distintos cursos da nosa programación, o departamento ten previstas as seguintes actividades para contribuír ao proxecto lector.

- Lectura, nalgún momento da sesión (ó redor de 5 ou 10 minutos), por parte do profesorado, e co fin de despertar no alumnado a curiosidade, dun fragmento motivador dunha obra literaria, aproveitando diferentes motivos: a publicación dun libro, a concesión dun premio a un escritor, a súa relación cun aspecto que se está tratando na aula, a celebración de datas como o Día internacional contra a violencia de xénero, o Día mundial da poesía... Procurarase priorizar a lectura de fragmentos poéticos, por ser o xénero literario máis afastado do alumnado e sobre o que ten máis prexuízos e reticencias como lector.
- Unha sesión semanal de lectura e comentario en primeiro de ESO ao dispoñermos de catro horas semanais.
- Puntualmente, o profesorado presentará cuestións diversas arredor dun mesmo tema que os alumnos deben resolver utilizando distintas fontes documentais (atlas, libros de texto, webs...) na biblioteca do centro ou na súa casa.
- Periodicamente, o profesorado propondrá a creación de textos de distintos tipos a partir de numerosos detonantes (música, ilustracións, outros textos...). Rematado o proceso de escrita, farase unha sesión de lectura na que os alumnos escoitarán e valorarán as creacións dos seus compañeiros e lerán a propia.
- Procurarase a participación do noso alumnado en diferentes actividades de fomento da lectura, tanto organizadas por nós como por outros departamentos ou mesmo institucións alleas ao centro: distintos clubs de lectura, encontros con autores e autoras, celebración do Día das letras galegas, Club de Debate, Teatro Radiofónico, concursos literarios, etc.
- Finalmente, cada trimestre os alumnos deben abordar a lectura individual dun título ofrecido polo profesorado, que logo avaliará os resultados mediante probas orais, escritas, fichas de lectura ou outros

medios. Seleccionamos dous títulos entre os que deben escoller obrigatoriamente un. Ademais, o alumnado dispón dun elenco de lecturas que poden ler de forma voluntaria e que lles axudará a subir ata 0,5 puntos a cualificación final da avaliación. Poderase variar algún título, sempre dependendo da marcha do curso e por unanimidade do Departamento, por outro que pareza máis axeitado.

- Para os/as alumnos/as con dificultade de aprendizaxe ou necesidades educativas especiais, o profesorado poderá propor outros títulos axeitados á capacidade lectora deste alumnado. Para tal fin, o Departamento proporalle á Biblioteca a adquisición de obras para ampliar o fondo bibliográfico que se comezou a crear o curso 2019-2020 destinado a este alumnado.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Estas actividades están destinadas a contribuír á formación integral dos alumnos e alumnas e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar. Á hora de organizalas, temos en conta tamén as características que ofrece o contexto socioeconómico e cultural en que se desenvolve o noso traballo docente: o ambiente familiar, as peculiaridades do alumnado, do centro e do contorno.

Este curso, dado que aínda vivimos unha situación sanitaria que obriga a restricións da vida social, contemplamos algunhas actividades complementarias dentro do ámbito do grupo-aula ou outras que poidan realizarse de maneira virtual. Algunhas das posibilidades serían:

- Participación en concursos literarios (do Concello, da Biblioteca escolar, outros...).
- Proxectos dixitais para celebrar unha data ou persoeiro determinado.
- Charla dalgún personaxe de relevancia social relacionado co noso currículo: escritores, ilustradores, músicos, cineastas...

A medida que o curso avance, se a situación mellorase, poderían realizarse outras actividades, habituais do noso departamento, respectando estritamente as normas impostas para cada caso:

- Asistencia á obras de teatro e proxeccións cinematográficas.
- Excursións e itinerarios culturais e literarios por distintos puntos da nosa xeografía.
- Participación en actividades didácticas organizadas polo Concello de Ames ou outras institucións (Teatro radiofónico, Club de Debate...)
- Participación en recitais de poesía en galego e/ou obradoiros literarios.
- Actividades en relación co Día da Letras Galegas, dedicado este ano a Florencio Delgado Gurriarán.
- Colaboración nas actividades do EDL, a Biblioteca e os Club de Lectura do centro.

### **14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Coa revisión e avaliación da programación didáctica pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación, a través da análise dos logros e deficiencias acadados no proceso de ensino-aprendizaxe e a achega de medidas que permitan melloralo.

A revisión da programación terá lugar en distintos momentos do curso:

- Ao inicio do curso, a avaliación inicial pode darnos algúns datos que recomenden reaxustar algúns aspectos da programación á realidade das aulas que imos ter.

- Ao mesmo tempo, nas reunións mensuais do Departamento, figura sempre un punto dedicado ao desenvolvemento da programación, no que se analiza se as aprendizaxes e a temporalización das mesmas se axustan ao programado; en caso de non ser así, introdúcese as modificacións necesarias.
- A avaliación de cada trimestre tamén nos permite analizar se se van cumprindo os obxectivos propostos e realizar os axustes necesarios para tentar conseguilos.
- Finalmente, será en xuño cando se reunirá o Departamento para facer unha avaliación máis completa de toda a programación e dos resultados para poder analizar as causas, tanto dos obxectivos conseguidos como dos non acadados. Todo isto quedará reflectido na *Memoria* final de curso, na que se reflectirán os cambios que sexa necesario introducir na programación do curso seguinte a fin de melloralala. As propostas de mellora feitas na Memoria do curso 2020-2021 xa están introducidas nesta programación.

Para esta revisión e avaliación, propoñemos o uso dunha escala de indicadores de logro cos seguintes valores:

- 1- Baixo
- 2- Medio/Aceptable
- 3- Alto

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN (Escala de indicadores de logro)		ESCALA		
		1	2	3
1	Deseñáronse correctamente as unidades didácticas, temas e/ou proxectos			
2	A secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos foi adecuada.			
3	Estableceuse correctamente o grao mínimo de consecución de cada estándar.			
4	Os instrumentos de avaliación dos estándares foron os axeitados.			
5	A metodoloxía empregada e os seus axustes foron adecuados.			
6	Os materiais didácticos empregados resultaron adecuados.			
7	Os libros de texto resultaron adecuados.			
8	As probas de avaliación inicial foron axeitadas.			
9	As lecturas propostas polo departamento eran axeitadas e tiveron éxito entre o alumnado.			
10	Respectáronse os criterios de avaliación e os procedementos, instrumentos e criterios de cualificación.			
12	Os mecanismos para o seguimento e recuperación das materias pendentes foi o axeitado.			
13	As probas escritas (exames) resultaron adecuadas e axustáronse aos estándares de cada nivel.			
14	Adoptáronse as medidas de atención á diversidade necesarias.			
15	Publicitouse, de acordo cos criterios do centro, a programación didáctica ou a súa información fundamental.			
16	Informouse ao alumnado dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación do seu curso, ademais doutras informacións que fosen do seu interese.			
17	Contribuíuse desde a materia ao Plan Lector do centro.			
18	Promoveuse adecuadamente a adquisición de contidos transversais.			
19	O grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas foi o adecuado.			
20	O plan de seguimento e revisión da programación ao longo do curso foi adecuado.			

Ames, 17 de setembro de 2021

# **ANEXO I. MODELOS DE RÚBRICAS**

**REXISTRO DE AVALIACIÓN/ AUTOAVALIACIÓN DAS ACTITUDES**

NOME:	CURSO:	DATA:	
	SEMPRE (0,1)	CASE SEMPRE (0,05)	RARAMENTE (0,02)
Respecta ao profesor e aos compañeiros.			
Trae os materiais necesarios para a clase.			
Non interrompe o desenvolvemento da clase.			
Atende ás explicacións do profesor ou profesora.			
Realiza as tarefas de aula que se lle solicita.			

**RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

	4	3	2	1
ADECUACIÓN	Percíbese unha planificación previa. O texto ten as características axeitadas e está ben estruturado	Percíbese planificación pero hai algunha deficiencia. Está bastante ben estruturado e respecta os trazos pertinentes.	Non houbo a planificación necesaria. Percíbense erros na estrutura.	Falta planificación e o texto non ten as características pertinentes nin a estrutura adecuada.
COHERENCIA E COHESIÓN	Texto moi ben cohesionado e redactado de maneira clara e coherente	Texto en xeral coherente e cohesionado pero con algúns erros .	Erros importantes na expresión das ideas e na relación entre elas	Expresión das ideas sen coherencia nin cohesión: ideas inconexas, falta ou escaseza de conectores...
LÉXICO	Vocabulario rico e preciso en relación con tema tratado .	Vocabulario correcto e preciso pero pouco abundante.	Vocabulario pouco preciso ou pouco rico.	Vocabulario moi pobre, non específico, uso de comodíns, ...
ORTOGRAFÍA	Sen erros ortográficos	Algúns erros ortográficos	Bastantes erros ortográficos	Moitos erros ortográficos
PRESENTACIÓN	Caligrafía clara, limpo e coas marxes axeitadas	Bastante limpo, letra case sempre lexible e en xeral respecta marxes.	Caligrafía difícil de entender, pouco limpo e escaso respecto das marxes.	A letra é ilexible, o texto non está limpo ou non respecta as marxes.

 **REXISTRO DE USO DA LINGUA ORAL NA AULA.**

<b>REXISTRO DE USO DA LINGUA ORAL NA AULA (1º E 2º ESO)</b>			
	<b>BEN/ SEMPRE</b>	<b>REGULAR/ ÁS VECES</b>	<b>MAL/ NUNCA</b>
Diríxese e responde ao profesorado en lingua galega. <b>(0,10 puntos)</b>			
Interactúa coas compañeiras e compañeiros en lingua galega. <b>(0,10 puntos)</b>			
Mostra interese por mellorar a súa expresión oral, aplicando as aprendizaxes da materia ás súas producións. <b>(0,10 puntos)</b>			
Nas súas intervencións utiliza un léxico adecuado e son gramaticalmente correctas. <b>(0,10 puntos)</b>			
O seu discurso oral é fluído, utilizando o volume, entoación e fonética adecuados. <b>(0,10 puntos)</b>			

<b>REXISTRO DE USO DA LINGUA ORAL NA AULA (3º/4º ESO e 1º/2º BACH)</b>			
	<b>BEN/ SEMPRE</b>	<b>REGULAR/ ÁS VECES</b>	<b>MAL/ NUNCA</b>
Diríxese e responde ao profesorado e aos compañeiros en lingua galega. <b>(0,05 puntos)</b>			
O seu discurso oral é fluído, utilizando o volume, entoación e fonética adecuados. <b>(0,05 puntos)</b>			
Nas súas intervencións utiliza un léxico adecuado e son gramaticalmente correctas. <b>(0,05 puntos)</b>			
Mostra interese por mellorar a súa expresión oral, aplicando as aprendizaxes da materia ás súas producións <b>(0,05 puntos)</b>			

 **RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL**

	<b>EXCELENTE</b>	<b>SATISFACTORIO</b>	<b>BÁSICO</b>	<b>CON DEFICIENCIAS</b>
<b>ESTRUTURA (1,5)</b>	Inclúe unha introdución e unha conclusión completas e coherentes co contido do traballo. (1,5)	A introdución ou a conclusión son excesivamente breves e non o suficientemente esclarecedoras do contido do traballo. (1)	A introdución e/ou a conclusión son absolutamente incompletas. (0,5)	Non inclúe introdución e/ou conclusión. (0)
<b>VOCABULARIO (1,6)</b>	Utiliza un vocabulario adecuado, sen castelanismos e cun léxico rico e variado (ex.: emprego de sinónimos). (1,6)	Utiliza un vocabulario adecuado, sen apenas castelanismos, pero, en ocasións, cun léxico pouco rico ou variado (ex.: repite certos termos excesivamente). (1,1)	Manexa un vocabulario moi básico, con certos castelanismos e cun léxico pouco rico e variado. (0,55)	Ten un vocabulario excesivamente básico, con abundantes castelanismos e cun léxico pouco rico e variado. Considerarase neste nivel aquelas exposicións que fosen lidas. (0,1)
<b>GRAMÁTICA E FONÉTICA (1,6)</b>	Non comete erros da lingua estándar e emprega unha fonética galega correcta. (1,6)	Comete algún erro da lingua estándar e ten certas dificultades fonéticas. (1,1)	Comete bastantes erros da lingua estándar e/ou ten importantes dificultades fonéticas. (0,55)	Comete de forma sistemática erros da lingua estándar e ten importantes dificultades fonéticas. Considerarase neste nivel aquelas exposicións que fosen lidas. (0,1)
<b>GRAMÁTICA TEXTUAL (1,5)</b>	A súa exposición é clara, coherente e está ben cohesionada (fío de unión entre as distintas partes, conectores etc.). (1,5)	A súa exposición é clara e coherente aínda que presenta pouca cohesión entre algunhas das partes. (1)	A exposición é coherente aínda que pouco clara e cohesionada en certas partes. (0,5)	A exposición non é en absoluto coherente, clara e/ou cohesionada. Considerarase neste nivel aquelas exposicións que fosen lidas. (0,1)
<b>VOLUME DE VOZ E EXPRESIVIDADE (1,5)</b>	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar. As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros. (1,5)	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran nalgúnhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información. (1)	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula. As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo. (0,5)	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula. Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar. Considerarase neste nivel aquelas exposicións que fosen lidas. (0,1)
<b>CONTIDO (0,8)</b>	Expón de forma correcta e clara o contido do traballo e seleccionou correctamente a información máis relevante (0,8)	Expón, en xeral, de forma correcta e clara o contido do traballo e seleccionou de xeito máis ou menos correcto a información máis relevante. (0,55)	Ten dificultades para expoñer o contido do traballo porque non entende certos puntos e/ou non fixo un bo traballo de selección da información. (0,25)	O contido do traballo non está ben seleccionado nin se expón de forma minimamente clara. (0,1)



<p><b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b> (0,75)</p>	<p>A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade. O xogo final resulta motivador e ilustrador dos contidos da exposición. O guión entregado ás/aos compañeiras/os é claro e completo. (0,75)</p>	<p>Soporte visual adecuado pero pouco traballado e/ou xogo final correcto pero pouco motivador e/ou guión completo pero pouco claro. (0,5)</p>	<p>Soporte visual non adecuado e/ou xogo final non axustado aos contidos e/ou guión incompleto. (0,2)</p>	<p>Sen soporte visual e/ou sen xogo final e/ou sen guión para as/os compañeiras/os. (0)</p>
<p><b>TEMPO</b> (0,75)</p>	<p>O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a súa presentación. (0,75)</p>	<p>O alumno utilizou o tempo adecuado, pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación. (0,5)</p>	<p>Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente. (0,2)</p>	<p>O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema. (0)</p>

**RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CUXO SOPORTE É UNHA PRESENTACIÓN INFORMÁTICA (1º-2ºESO)**

ALUMNO/A

CURSO-GRUPO

AVAL.

OBSERVACIÓN: En caso de non se respectaren algunha das indicacións dadas a continuación, o traballo será avaliado cun 0.						
<p>1. O traballo debe ser de elaboración propia. O seu contido debe respectar o tema proposto. E a súa forma, a estrutura solicitada.</p> <p>2. En caso de traballos cunha extensión <i>manifestamente</i> menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación, isto dará lugar a unha diminución proporcionada</p>						
CRITERIOS	EXCELENTE (4-5)	BEN (3-4)	REGULAR (2-3)	MAL (1-2)	MOI MAL (0-1)	
ELABORACIÓN (50%)	Portada	Aparece o título, se é necesario tamén un subtítulo, unha imaxe adecuada e o autor/a.	Aparece o título, unha imaxe e autor/a; pero non son adecuados.	Aparece o título, unha imaxe e autor/a; pero está incompleto.	Aparece o título.	Non hai portada.
	Índice	Inclúe un índice con referencia ao número de diapositiva e aos apartados.	Inclúe un índice con todo pero sen referencia ao número de diapositiva.	Inclúe un índice pero sen algún dos apartados.	Inclúe un índice mal elaborado ou confuso.	Non inclúe un índice
	Presentación	A letra é clara e usa unha fonte tipográfica adecuada; o corpo escrito está limpo e favorece a lexibilidade.	A letra é clara. O corpo escrito está bastante limpo e a lexibilidade é boa.	Alterna en exceso entre fontes. O corpo escrito non está limpo mais a lexibilidade é aceptábel.	A letra ou a fonte é parcialmente ilexíbel. O corpo do escrito non está limpo.	A letra ou a fonte é ilexíbel. O corpo do escrito non está limpo e resulta confuso.
	Relación texto imaxe	Elaborou diapositivas con menos texto que imaxe e con frases curtas.	Elaborou diapositivas con máis texto do debido e enunciados longos.	Elaborou diapositivas con máis texto que imaxe e con frases moi longas.	Elaborou diapositivas só con imaxes. Sen texto.	Elaborou diapositivas só con texto. Sen imaxes.
	Fontes	Utilizou todos os recursos e fontes recomendados e achegou outros adecuados.	Utilizou a maioría dos recursos e fontes e achegou algún outro.	Utilizou bastantes dos recursos e fontes de consulta recomendados.	Utilizou só algúns dos recursos e fontes de consulta recomendados.	Non utilizou os recursos e fontes de consulta recomendados.
	Adecuación	O traballo desenvolve todos os puntos necesarios de xeito adecuado.	O traballo desenvolve a maior parte dos puntos adecuadamente.	O traballo só desenvolve a metade dos puntos de xeito adecuado.	O traballo só desenvolve algúns puntos adecuadamente.	O traballo non se desenvolve adecuadamente.
	Coherencia e Cohesión	Os parágrafos están ben estruturados e empréganse marcadores discursivos apropiados e variados.	Os parágrafos están case ben estruturados e empréganse marcadores variados.	Algúns parágrafos non están ben estruturados. Empréganse escasos marcadores.	Moitos parágrafos non están ben estruturados e utiliza 1-2 marcadores ao longo de todo o texto.	Os parágrafos están mal estruturados e non se empregan marcadores discursivos.
	Gramática	Non presenta erros gramaticais.	Presenta erros gramaticais puntuais ou un único erro.	Presenta varios erros gramaticais aínda que non de forma reiterados.	Presenta numerosos erros gramaticais que dificultan a comprensión.	Presenta erros gramaticais constantes. Afectan á comprensión.

	Ortografía	Non presenta erros ortográficos.	Presenta erros ortográficos puntuais.	Presenta varios erros ortográficos	Presenta numerosos erros ortográficos.	Presenta erros ortográficos constantes.
	Riqueza léxica	Utiliza un vocabulario rico, moi preciso e adecuado.	Utiliza un vocabulario preciso e adecuado.	Utiliza un vocabulario variado e adecuado.	Utiliza un vocabulario inadecuado.	Utiliza un vocabulario pobre e inadecuado.
CRITERIOS		EXCELENTE (4-5)	BO (3-4)	ACEPTABLE (2-3)	BAIXO (1-2)	NULO (0-1)
INVESTIGACIÓN CONTIDOS (50%)	Contidos	Desenvolve todos os puntos necesarios con contido pertinente.	Desenvolve boa parte dos puntos necesarios con contido pertinente.	Desenvolve a metade dos puntos necesarios con información pertinente.	Desenvolve menos da metade dos puntos necesarios ou o seu contido non é pertinente.	Carece de información pertinente.
	Imaxes	Inclúe ilustracións e gráficas pertinentes.	A maior parte das ilustracións son pertinentes .	Aproximadamente a metade das ilustracións son pertinentes	Inclúe poucas ilustracións Pertinentes ou case ningunha das solicitadas.	Non inclúe as ilustracións solicitadas.
	Estrutura	Respecta a estrutura solicitada.	Presenta unha división en apartados adecuada.	O traballo presenta algún apartado ou subapartado moi breve ou mal dividido.	O traballo presenta varios apartados ou subapartados moi breves e mal divididos.	O traballo non presenta apartados nin subapartados.
	Conclusións	Acaba cunha diapositiva na que resume as ideas principais expostas no traballo e engade unha interpretación propia que vincula eses contidos coa realidade actual.	Acaba cunha diapositiva na que o resumo é demasiado extenso ou non recolle o exposto no traballo ou carece de interpretación.	Acaba cunha diapositiva na que as conclusións constitúen un tópico e carece de interpretación.	Acaba cunha diapositiva na que o resumo é demasiado breve e/ou xenérico e carece de interpretación.	Carece de conclusión.
	Combinación Texto Imaxes	Utiliza imaxes, gráficas ou efectos que realzan o contido.	Utiliza imaxes e gráficas que realzan o contido.	Utiliza imaxes que realzan o contido.	En escasas diapositivas se serve de imaxes, gráficas ou efectos que realcen o contido.	A combinación de imaxes / gráficas / efectos e texto non é adecuada.

OBSERVACIÓNS:		
AUTOAVALIACIÓN:	COAVALIACIÓN:	AVALIACIÓN:

**RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CUXO SOPORTE É UNHA PRESENTACIÓN INFORMÁTICA (3º-4ºESO/BACHARELATO)**

ALUMNO/A:

CURSO-GRUPO:

AVALIACIÓN:

OBSERVACIÓNS: En caso de non se respectaren algunha das indicacións dadas a continuación, o traballo será avaliado cun 0.

1. O traballo debe ser de elaboración propia. O seu contido debe respectar o tema proposto. E a súa forma, a estrutura solicitada.
2. En caso de traballos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación, isto dará lugar a unha diminución proporcionada da súa valoración global.

CRITERIOS		EXCELENTE (4-5)	BO (3-4)	ACEPTABLE (2-3)	BAIXO (1-2)	NULO (0-1)
ELA-BO-RACIÓN (30%)	Presentación: Portada Índice Fonte Limpeza	Aparece o título, en caso necesario tamén un subtítulo, unha imaxe adecuada e o autor/a. Inclúe un índice con referencia ao número de diapositiva e aos apartados. Elaborou diapositivas con menos texto que imaxe e con frases curtas. A letra é clara e usa unha fonte tipográfica adecuada; o corpo escrito está limpo e favorece a lexibilidade.	Aparece o título, unha imaxe e autor/a; pero non son adecuados. Inclúe un índice con todo pero sen referencia ao número de diapositiva. Elaborou diapositivas con máis texto do debido e enunciados longos. A letra é clara. O corpo escrito está bastante limpo e a lexibilidade é boa.	Aparece o título, unha imaxe e autor/a; pero está incompleto. Inclúe un índice pero sen algún dos apartados. Elaborou diapositivas con máis texto que imaxe e con frases moi longas. Alterna en exceso entre fontes. O corpo escrito non está limpo mais a lexibilidade é aceptábel.	Aparece o título. Inclúe un índice mal elaborado ou confuso. Elaborou diapositivas só con imaxes. Sen texto. A letra ou a fonte é parcialmente ilexíbel. O corpo do escrito non está limpo.	Non hai portada e/ou Non inclúe un índice. Elaborou diapositivas só con texto. Sen imaxes. A letra ou a fonte é ilexíbel. O corpo do escrito non está limpo e resulta confuso.
	Propiedades textuais: Adecuación Coherencia Cohesión	O traballo desenvolve todos os puntos necesarios de xeito adecuado. Os parágrafos están ben estruturados e empréganse marcadores discursivos apropiados e variados.	O traballo desenvolve a maior parte dos puntos adecuadamente. Os parágrafos están case ben estruturados e empréganse marcadores variados.	O traballo só desenvolve a metade dos puntos de xeito adecuado. Algúns parágrafos non están ben estruturados. Empréganse escasos marcadores.	O traballo só desenvolve algúns puntos adecuadamente. Moitos parágrafos non están ben estruturados e utiliza 1-2 marcadores ao longo de todo o texto.	O traballo non se desenvolve adecuadamente. Os parágrafos están mal estruturados e non se empregan marcadores discursivos.
	Corrección: Gramatical Ortográfica Léxica	Non presenta erros gramaticais. Nin presenta erros ortográficos. Utiliza un vocabulario rico, moi preciso e adecuado.	Presenta erros gramaticais e ortográficos puntuais ou un único erro repetido. Utiliza un vocabulario preciso e adecuado.	Presenta varios erros gramaticais e/ou ortográficos aínda que non de forma reiterada. Utiliza un vocabulario variado e adecuado.	Presenta numerosos erros gramaticais que dificultan a comprensión e/ou numerosos erros ortográficos. Utiliza un vocabulario inadecuado.	Presenta erros gramaticais constantes, que afectan á comprensión e presenta erros ortográficos constantes. Utiliza un vocabulario pobre e inadecuado.
CRITERIOS		EXCELENTE (4-5)	BO (3-4)	ACEPTABLE (2-3)	BAIXO (1-2)	NULO (0-1)
	Estructura	Respecta a estrutura solicitada.	Presenta unha división en apartados adecuada.	O traballo presenta algún apartado ou subapartado moi breve ou mal dividido.	O traballo presenta varios apartados ou subapartados moi breves e mal divididos.	O traballo non presenta apartados nin subapartados.

INVESTIGACIÓN CONTIDOS (70%)	Contidos	Desenvolve todos os puntos necesarios con contido pertinente.	Desenvolve boa parte dos puntos necesarios con contido pertinente.	Desenvolve a metade dos puntos necesarios con información pertinente.	Desenvolve menos da metade dos puntos necesarios ou o seu contido non é pertinente.	Carece de información pertinente.
	Imaxes	Inclúe ilustracións e gráficas pertinentes.	A maior parte das ilustracións son pertinentes .	Aproximadamente a metade das ilustracións son pertinentes	Inclúe poucas ilustracións Pertinentes ou case ningunha das solicitadas.	Non inclúe as ilustracións solicitadas.
	Combinación Texto Imaxes	Utiliza imaxes, gráficas ou efectos que realzan o contido.	Utiliza imaxes e gráficas que realzan o contido.	Utiliza imaxes que realzan o contido.	En escasas diapositivas se serve de imaxes, gráficas ou efectos que realcen o contido.	A combinación de imaxes / gráficas / efectos e texto non é adecuada.
	Conclusións	Acaba cunha diapositiva na que resume as ideas principais expostas no traballo e engade unha interpretación propia que vincula eses contidos coa realidade actual.	Acaba cunha diapositiva na que o resumo é demasiado extenso ou non recolle o exposto no traballo ou carece de interpretación.	Acaba cunha diapositiva na que as conclusións constitúen un tópico e carece de interpretación.	Acaba cunha diapositiva na que o resumo é demasiado breve e/ou xenérico e carece de interpretación.	Carece de conclusión.
	Creatividade e orixinalidade	Utiliza un estilo propio e aporta unha visión orixinal sobre o asunto.	Procura un estilo propio e aportar ideas novas.	Procura un estilo propio, aínda que non o logra ou non aporta orixinalidade.	Segue as fontes ao pé da letra ou non aporta ideas novas.	Segue as fontes ao pé da letra e carece de orixinalidade.
	Fontes	Utilizou todos os recursos e fontes recomendados e achegou outros adecuados.	Utilizou a maioría dos recursos e fontes e achegou algún outro.	Utilizou bastantes dos recursos e fontes de consulta recomendados.	Utilizou só algúns dos recursos e fontes de consulta recomendados.	Non utilizou os recursos e fontes de consulta recomendados.

AUTOAVALIACIÓN:	COAVALIACIÓN:	AVALIACIÓN:
-----------------	---------------	-------------

 **RÚBRICA PARA AVALIAR AS REPORTAXES LITERARIAS**

	EXCELENTE	SATISFACTORIO	BÁSICO	CON DEFICIENCIAS
<b>VOCABULARIO</b> (0,15)	Utiliza un vocabulario adecuado, sen castelanismos e cun léxico rico e variado (ex.: emprego de sinónimos). (0,15)	Utiliza un vocabulario adecuado, sen apenas castelanismos, pero, en ocasións, cun léxico pouco rico ou variado (ex.: repite certos termos excesivamente). (0,1)	Manexa un vocabulario moi básico, con certos castelanismos e cun léxico pouco rico e variado. (0,05)	Ten un vocabulario excesivamente básico, con abundantes castelanismos e cun léxico pouco rico e variado. (0,01)
<b>GRAMÁTICA E FONÉTICA</b> (0,15)	Non comete erros da lingua estándar e emprega unha fonética galega correcta. (0,15)	Comete algún erro da lingua estándar e ten certas dificultades fonéticas. (0,1)	Comete bastantes erros da lingua estándar e/ou ten importantes dificultades fonéticas. (0,05)	Comete de forma sistemática erros da lingua estándar e ten importantes dificultades fonéticas. (0,01)
<b>GRAMÁTICA TEXTUAL</b> (0,1)	A súa exposición é clara, coherente e está ben cohesionada (fío de unión entre as distintas partes, conectores etc.). (0,1)	A súa exposición é clara e coherente aínda que presenta pouca cohesión entre algunhas das partes. (0,075)	A exposición é coherente aínda que pouco clara e cohesionada en certas partes. (0,025)	A exposición non é en absoluto coherente, clara e/ou cohesionada. (0,01)
<b>VOLUME DE VOZ E EXPRESIVIDADE</b> (0,1)	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto. As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros. (0,1)	Non sempre é escoitado con facilidade, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran algunhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información. (0,075)	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado. As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces é capaz de mostrar algo de entusiasmo. (0,025)	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado. Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar. (0,01)
<b>ESTRUTURA</b> (0,3)	Elabora un traballo cunha estrutura coherente e inclúe unha introdución e unha conclusión completas. (0,3)	A estrutura xeral do traballo é, en liñas xerais, coherente e/ou a introdución ou a conclusión son excesivamente breves e non o suficientemente esclarecedoras do contido do traballo. (0,15)	A estrutura do traballo é, en ocasións, bastante confusa e/ou a introdución e/ou a conclusión son absolutamente incompletas. (0,075)	A estrutura do traballo é incoherente e/ou non inclúe introdución e/ou conclusión. (0,01)
<b>CONTIDO</b> (0,9)	Expón de forma correcta e clara o contido do traballo e seleccionou correctamente a información máis relevante deste. (0,9)	Expón, en xeral, de forma correcta e clara o contido do traballo e seleccionou de xeito máis ou menos correcto a información máis relevante. (0,6)	Ten dificultades para expoñer o contido do traballo porque non entende certos puntos e/ou non fixo un bo traballo de selección da información. (0,25)	O contido do traballo non está ben seleccionado nin se expón de forma minimamente clara. (0,01)
<b>CREATIVIDADE</b> (0,2)	O vídeo é moi creativo e orixinal tanto no referido aos diálogos como á escenografía. (0,2)	O vídeo é, en xeral, creativo e orixinal, tanto no referido aos diálogos como á escenografía. (0,1)	O vídeo contén algún elemento creativo e orixinal no referido aos diálogos e á escenografía pero, en xeral, estes aspectos están pouco traballados. (0,05)	O vídeo non é (case) nada orixinal nin creativo. (0,01)
<b>TEMPO</b> (0,1)	O alumno axustouse ao tempo indicado. (0,1)	O alumno utilizou máis ou menos o tempo indicado (pasouse un máximo de 15 segundos ou quedou curto por un máximo de 10 segundos). (0,075)	Excesivamente longo ou insuficiente (pasouse ata 20 segundos ou quedou curto ata 15 segundos). (0,025)	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema (pasouse por máis de 20 segundos ou quedou curto por máis de 15). (0)

**RÚBRICA PARA AVALIAR UN BOOKTUBER**

	EXCELENTE	SATISFATORIO	BÁSICO	CON DEFICIENCIAS
<b>ESTRUTURA</b> (1,5)	Presenta unha introdución atractiva; achega información sobre o/a autor/a; analiza o libro con rigor; conclúe expresando a súa opinión e (non) recomendación. (1,5)	A introdución é correcta pero non resulta atractiva; (case) non inclúe información do/a autor/a; analiza o libro de forma vaga; conclúe expresando a súa opinión e (non) recomendación. (1)	Presenta unha introdución; non inclúe información do/a autor/a; realiza unha análise incompleta do libro; remata cunha conclusión persoal. (0,5)	Non se distingue unha introdución nin unha conclusión final do resto do contido do vídeo. (0,1)
<b>CONTIDO</b> (0,8)	Inclúe información completa e pertinente dun xeito claro, preciso e detallado. Xustifica a súa opinión persoal. (0,8)	Inclúe información relativamente completa pero non sempre pertinente ou que, en certos momentos, non é suficientemente clara, precisa nin/ou detallada. Xustifica vagamente a súa opinión persoal. (0,55)	Inclúe pouca información e esta non sempre é pertinente, precisa, clara nin/ou detallada. Non xustifica a súa opinión persoal. (0,25)	Mostra importantes insuficiencias informativas e achega datos non pertinentes, imprecisos e pouco claros. (0,1)
<b>VOCABULARIO</b> (1,6)	Utiliza un vocabulario adecuado, sen castelanismos e cun léxico rico e variado (ex.: emprego de sinónimos). (1,6)	Utiliza un vocabulario adecuado, sen apenas castelanismos, pero, en ocasións, cun léxico pouco rico ou variado (ex.: repite certos termos excesivamente). (1,1)	Manexa un vocabulario moi básico, con certos castelanismos e cun léxico pouco rico e variado. (0,55)	Ten un vocabulario excesivamente básico, con abundantes castelanismos e cun léxico pouco rico e variado. Considerarase neste nivel aquelas exposicións que fosen lidas. (0,1)
<b>GRAMÁTICA E FONÉTICA</b> (1,6)	Non comete erros da lingua estándar e emprega unha fonética galega correcta. (1,6)	Comete algún erro da lingua estándar e ten certas dificultades fonéticas. (1,1)	Comete bastantes erros da lingua estándar e/ou ten importantes dificultades fonéticas. (0,55)	Comete de forma sistemática erros da lingua estándar e ten importantes dificultades fonéticas. Considerarase neste nivel aquelas exposicións que fosen lidas. (0,1)
<b>GRAMÁTICA TEXTUAL</b> (1,5)	A súa exposición é clara, coherente e está ben cohesionada (fío de unión entre as distintas partes, conectores etc.). (1,5)	A súa exposición é clara e coherente aínda que presenta pouca cohesión entre algunhas das partes. (1)	A exposición é coherente aínda que pouco clara e cohesionada en certas partes. (0,5)	A exposición non é en absoluto coherente, clara e/ou cohesionada. Considerarase neste nivel aquelas exposicións que fosen lidas. (0,1)
<b>VOLUME DE VOZ E EXPRESIVIDADE</b> (1,5)	Exprésase con fluidez, o seu volume de voz é adecuado e controla a velocidade.  As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros. (1,5)	Presenta un ritmo pouco fluído en certos puntos e/ou non sempre emprega un volume ou velocidade adecuados.  Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran nalgúnhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información. (1)	En boa parte da súa intervención presenta un ritmo pouco fluído e/ou emprega un volume ou velocidade claramente pouco adecuados.  As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo. (0,5)	O ritmo non é nada fluído e non modula en absoluto o volume e a velocidade.  Fai pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar.  Considerarase neste nivel aquelas exposicións que fosen lidas.(0,1)
<b>POSTA EN ESCENA</b> (0,75)	Presenta o vídeo dunha forma orixinal; emprega un fondo atractivo e unha boa iluminación. Demostra un excelente dominio das TIC. (0,75)	Emprega un fondo relativamente atractivo e unha boa iluminación. Demostra un dominio bastante bo das TIC. (0,5)	Emprega un fondo pouco atractivo e/ou unha iluminación mellorable. O dominio das TIC é cuestionable. (0,2)	Emprega un fondo inadecuado e/ou unha pésima iluminación. O dominio das TIC é moi baixo. (0,0)
<b>TEMPO</b> (0,75)	O vídeo ten unha duración de entre 3:45 e 8:30 minutos. (0,75)	O vídeo dura entre 3:30 e 3:45 ou entre 8:30 e 9 minutos. (0,5)	O vídeo dura entre 3 minutos e 3:30 OU entre 9 e 10 minutos (0,2)	O vídeo dura menos de 3 minutos ou máis de 10.

## RÚBRICA COMENTARIO TEXTOS LITERARIOS

	EXCELENTE	BO	ACEPTABLE	INSUFICIENTE
<b>CONTEXTUALIZACIÓN</b>	.Aporta datos pertinentes e completos sobre o autor, a época, a súa obra ou os temas que trata .Indica o movemento literario en que se insire e cita características importantes deste .Delimita correctamente o xénero literario en que se encadra o texto e precisa o subxénero se é necesario	.Aporta algúns datos sobre o autor, a época, a súa obra ou os temas que trata .Indica o movemento literario en que se insire .Delimita o xénero literario	.Aporta datos sobre o autor, a época, a súa obra ou os temas que trata, pero non selecciona os máis importantes. .Non indica o movemento literario en que se encadra .Non identifica o xénero literario do texto	.Non elabora unha contextualización ao inicio do comentario. .Non identifica o xénero do texto correctamente
<b>ANÁLISE DO CONTIDO</b>	.Indica o tema de xeito preciso e cumprindo os requisitos (breve, sen verbos) .Menciona os tópicos literarios se os hai .Resume con corrección o contido elaborando un texto propio .Establece de forma razoada unha división en partes segundo as ideas que expresa o texto	.Indica o tema de xeito preciso e cumprindo os requisitos (breve, sen verbos) .Resume con corrección o contido elaborando un texto propio .Divide o texto en partes atendendo ao contido	.Indica o tema de xeito preciso e cumprindo os requisitos (breve, sen verbos) Resume o contido	.Non identifica o tema ou escolle como tema unha idea secundaria .Resume o contido con frases do propio texto (corta-pega)
<b>ANÁLISE FORMAL</b>	.Comenta a <b>estrutura externa</b> atendendo ás súas partes dependendo do xénero: <u>Poesía</u> : analiza correctamente a métrica e extrae información da análise <u>Prosa</u> : estuda a modalidade textual (narración, descrición, diálogo) e establece a estrutura externa (parágrafos, capítulos). Comenta algúns elementos da narración (voz, personaxes, espazo, tempo.) <u>Teatro</u> : concreta acto/escena/cadro e analiza a información que dan as acotacións e os diálogos <b>Análise textual</b> : comenta as características lingüísticas pertinentes .Busca as figuras literarias e os recursos e explica que función e significado teñen no texto	<u>Poesía</u> : analiza correctamente a métrica <u>Prosa</u> : nomea a modalidade textual (narración, descrición, diálogo) e establece a estrutura externa (parágrafos, capítulos). Comenta algúns elementos da narración <u>Teatro</u> : concreta acto, escena, cadro <b>Análise textual</b> : .Comenta algunhas características lingüísticas destacadas .Identifica as figuras e recursos literarios máis importantes e explica o seu significado e función no texto	<u>Poesía</u> : analiza as características métricas máis importantes <u>Prosa</u> : establece as partes externas do texto (parágrafos, capítulos). Indica a voz narrativa e caracteriza minimamente personaxes, espazo e tempo <u>Teatro</u> : concreta o acto <b>Análise textual</b> : .Enumera características lingüísticas destacadas .Identifica as figuras e recursos literarios máis importantes e explica o seu significado e función no texto	<u>Poesía</u> : non analiza con soltura a métrica do poema <u>Prosa</u> : non establece unha estrutura formal. Non analiza correctamente os elementos da narración (confunde narrador, punto de vista, tempo interno/externo, etc) <u>Teatro</u> : non reconece as partes estruturais dun texto teatral. Ignora a información que dan as acotacións para facer o comentario <b>Análise textual</b> : .Non comenta nada da lingua do texto .Nomea algúns recursos literarios pero só fai unha lista, non explica o seu significado nin a función que teñen no texto
<b>VALORACIÓN CRÍTICA E CONCLUSIÓN</b>	Elabora unha conclusión orixinal e persoal de xeito reflexivo	Escolle un aspecto do comentado para facer unha conclusión axeitada (finalidade do autor, ou trazos representativos do movemento literario, etc).	Engade un par de liñas ao final do comentario dándoo por finalizado.	Deixa o comentario sen conclusión
<b>REVISIÓN</b>	.Revisa a redacción atendendo á adecuación, coherencia, cohesión e corrección. Usa un rexistro axeitado e desbota erros ortográficos, gramaticais ou incluso de contido .O comentario está entregado respectando as indicacións dadas, incluída a de limpeza	.Revisa a redacción e obtén un resultado correcto e axeitado. Coida a ortografía. .O comentario está entregado respectando as indicacións dadas, incluída a de limpeza.	.Revisa pouco a redacción pois ten erros de expresión, ortográficos ou gramaticais. O comentario está entregado respectando as indicacións dadas, incluída a de limpeza	.Non revisa a redacción .O comentario non segue as pautas dadas e entégase con emendas, riscaduras, manchas...